

ACTA NÚM. 5 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 15 DE MARZO DE 2018.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **15 de marzo de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **interventora xeral do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 15 de febreiro de 2018 (núm. 2), extraordinaria e urxente do 21 de febreiro de 2018 (núm. 3) e extraordinaria do 21 de febreiro de 2018 (núm. 4).**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación definitiva da memoria de asunción directa da xestión dos servizos da ORA e guindastre.**
- 4. Proposta da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración de aprobación de expediente de crédito extraordinario 2018-CREXT-01 do orzamento do ano 2018 por importe de 1.428.113,30 €, financiado con novos ingresos procedentes das tarifas aboadas polos usuarios dos servizos da grúa e da ora.**
- 5. Proposta ao Pleno da Corporación para que se pronuncie sobre a aprobación ou rexeitamento do Convenio con Augas de Galicia e Acuaes para executar as obras da nova Edar do Souto.**
- 6. Proposta da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración de aprobación de expediente de suplemento de crédito 2018-SUPLE-01 do orzamento do ano 2018 por importe de 143.520,00 €, financiado con novos ingresos procedentes de préstamo formalizado e non disposto.**
- 7. Proposta da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración de aprobación de expediente de modificación das Bases de Execución do Orzamento 2018 (base 18).**

8. Aprobación do convenio de colaboración coa Administración Xeral da Xunta de Galicia para a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da policía local e as prazas de auxiliares da policía local ou as prazas de vixilantes municipais.

9. Proposta da Alcaldía de modificación dos estatutos da Asociación de Concellos, para a promoción e desenvolvemento do Camiño Inglés.

10. Aprobación inicial do Regulamento de funcionamento interno do Consello municipal de cooperación e solidariedade.

11. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre o coidado e rehabilitación da Igrexa de Santa Susana e o seu recinto.

12. Proposición do grupo municipal do BNG, para axilizar o procedemento administrativo dos servizos municipais externalizados que operan sen contrato.

13. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa ás actuacións necesarias e urxentes para a mellora do ámbito de San Lourenzo-Carme de Abaixo.

14. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

15. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do BNG de data 5 de marzo de 2018, núm. 65.

Do grupo municipal do BNG de data 5 de marzo de 2018, núm. 66.

Do grupo municipal do BNG de data 5 de marzo de 2018, núm. 67.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 6 de marzo de 2018, núm. 71.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de marzo de 2018, núm. 74.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de marzo de 2018, núm. 75.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de marzo de 2018, núm. 76.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 6 de marzo de 2018, núm. 72.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 6 de marzo de 2018, núm. 73.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de marzo de 2018, núm. 77.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de marzo de 2018, núm. 78.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de marzo de 2018, núm. 79.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de marzo de 2018, núm. 82.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de marzo de 2018, núm. 83.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de marzo de 2018, núm. 84.

16.- Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 6 de marzo de 2018, núm. 69, presentada polo grupo municipal do BNG, sobre a recuperación dos dereitos e do emprego na administración de xustiza.

Rexistro de entrada do día 7 de marzo de 2018, núm. 80, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a mellora de catro pontes sobre a vía férrea en Marrozos e a urxente reparación doutra en Busto.

Rexistro de entrada do día 7 de marzo de 2018, núm. 81, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para colocación dun ascensor no IES Rosalía de Castro.

Rexistro de entrada do día 7 de marzo de 2018, núm. 85, presentada polo grupo municipal do BNG, para ampliar a dotación de materiais de fondos de recursos para as asociacións.

Rexistro de entrada do día 7 de marzo de 2018, núm. 86, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para a modificación da lei de arrendamentos urbanos para favorecer o acceso ao alugueiro.

Antes do comezo da sesión, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIA DO 15 DE FEBREIRO DE 2018 (NÚM. 2), EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 21 DE FEBREIRO DE 2018 (NÚM. 3) E EXTRAORDINARIA DO 21 DE FEBREIRO DE 2018 (NÚM. 4).

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade as actas correspondentes ás sesións ordinaria do día 15, extraordinaria e urxente do día 21 e extraordinaria do día 21 todas elas do mes de febreiro do corrente ano.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

Don Manuel Andrés Vites Requejo, en relación coa proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, que figura na orde do día da presente sesión, relativa a igrexa de Santa Susana e o seu recinto.

Dona Pilar Fernández Pérez, en representación das Asociación de Nais e Pais do IES Rosalía de Castro, en relación á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, que figura na relación de mocións para a presente sesión plenaria.

Don Alejandro Quiñoá Casteleiro, en representación da Coordinadora Galega de ONGS, en relación co asunto que figura na orde do día, relativo á aprobación inicial do Regulamento do Consello de Cooperación e Solidariedade.

Don Álvaro Campos Fernández, en representación do Comité de Empresa de SETEX-APARKI, SA, en relación ao asunto que figura na orde do día da devandita sesión relativo á aprobación definitiva da memoria de asunción directa da xestión dos servizos da Ora e guindastre.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece.

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MEMORIA DE ASUNCIÓN DIRECTA DA XESTIÓN DOS SERVIZOS DA ORA E GUINDASTRE.

A proposta da Alcaldía de aprobación definitiva da memoria de asunción directa da xestión dos servizos da ORA e guindastre, de data 26 de febreiro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MEMORIA DE ASUNCIÓN DIRECTA DA XESTIÓN DOS SERVIZOS DE ORA E GUINDASTRE

I. ANTECEDENTES

I. O Pleno da Corporación, na sesión do 17.05.2017, adoptou o seguinte acordo:

“1º. Aprobar inicialmente a toma en consideración da memoria técnica elaborada pola comisión de estudo constituída en cumprimento do acordo plenario do 15.12.2016 para a asunción directa da xestión dos servizos da ORA e do guindastre a través da sociedade mercantil municipal TUSSA.

2º. Expor ao público o expediente durante un prazo de trinta días naturais, contado desde que se publique o anuncio no Boletín oficial da provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as suxestións e reclamacións que xulguen oportunas.

3º. A decisión definitiva sobre a resolución das suxestións e reclamacións e, se o caso, sobre a asunción da xestión directa dos servizos da ORA e do guindastre a través de TUSSA adoptarase trala resolución que dite o xulgado no incidente de execución de sentenza aludido no antecedente 9 e en coherencia co seu contido.”

Con anterioridade, na súa sesión ordinaria do 15.12.2016, o Pleno aprobara a proposta do Sr. alcalde para “iniciar o procedemento de asunción da xestión directa do servizo de ORA e guindastre a través da sociedade mercantil municipal TUSSA” e a constitución da comisión técnica á que se refiren os artigos 97 do TRRL e 309 da LALG coa finalidade de elaborar a memoria prevista nesas disposicións.

A comisión técnica constituíuse o día 26.12.2016 e reuniuse os días 23.03.2017 e 07.04.2017, sesións nas que se debateron diversos borradores da memoria e os documentos e informes que se incorporaron a ela, así como as suxestións e alegacións que formularon os asistentes. Os traballos déronse por rematados na reunión do 10.04.2017 co resultado que consta na propia memoria e nas actas da comisión.

A memoria xustificativa é un documento de 68 páxinas e 5 apartados denominados Introducción, I. Aspectos xurídicos, II. Aspectos técnicos, III. Aspectos económicos e IV. Conclusións. Conta con 27 anexos numerados do 0 ao XXVI e 10 táboas numeradas de 1 ao 10.

II. A aprobación inicial expúxose a información pública por medio de anuncio no Boletín oficial da provincia da Coruña nº 104, do 5.06.2017, e nese período presentaron alegacións D. Francisco Reyes Santías, D. Javier Sueiro Canedo, D. Rubén Cela Díaz, D. Xesús Domínguez Domínguez e a sociedade mercantil “Setex Aparki, SA”.

III. As persoas comparecentes no período de información pública, en resumo, argumentan:

1) D. Francisco Reyes Santías e D. Javier Sueiro Canedo

1. Solicitan un informe tocante a se os servizos se prestarán en réxime de monopolio e se será necesario ditame da Comisión Nacional da Competencia.

2. Reclaman que se incorporen ao expediente informes do departamentos xestores de tráfico e de contratación en canto á titularidade dos bens que se adscribirán aos servizos, en concreto, os parquímetros, os quindastres e o software asociado, trala liquidación do contrato con Setex Aparki SA. E do técnico de contratación verbo da oferta que Setex Aparki SA presentou ao concurso, así como copia desta última.

3. A análise comparativa da xestión directa indiferenciada e da xestión proposta por medio de TUSSA non aclara, ao seu xuízo, os seguintes puntos:

- a) Non prevé a cesión do uso da vía pública porque as taxas son do Concello e non de TUSSA, débense ingresar na tesourería municipal e pactar unha remuneración coa empresa municipal pola xestión, se é o caso.
- b) Cómpre incorporar á conta de resultados como gasto para TUSSA o pago do canon.
- c) Na xestión directa indiferencia débense calcular os custos indirectos como para a Conta xeral do Concello.
- d) Non se xustifica adecuadamente o cálculo de retirada de 8.000 automóviles porque en 2015 foron 7.316 e unha das circunstancias que pode incrementar esta cifra é a asistencia dun policía local co condutor do guindastre.
- e) Non se xustifica adecuadamente a suba das taxas da ORA (un 4,10% con relación ás de 2015 e un 5,50% á media de 3 anos) nin o aumento dun 2% dos ingresos do guindastre, cando o estudo de Faura Casas prevía unha baixada do 2,40%.
- f) Non se xustifica adecuadamente por que os custos dos servizos externos non se calculan con base na media dos 3 anos anteriores como no estudo de Faura Casas.
- g) Na conta de resultados de TUSSA non se imputan os custos dos alugueiros polo uso dos predios municipais afectos ao depósito.
- h) Para o cálculo dos custos exteriores do resto das anualidades considérase un incremento anual do 2% cando o máis lóxico sería aplicar a estimación da variación do IPC.
- i) Na xestión directa indiferenciada prevense un custos indirectos do 5% sobre os directos. O mesmo cálculo debería aplicarse ao porcentaxe do persoal de administración xeral adscrito aos servizos de uindastre e ORA, e esa porcentaxe aplícala aos custos directos (como para a Conta xeral).
- j) Os ingresos das taxas débense ingresar no Concello e este retribuír á TUSSA pola xestión. É necesario coñecer se a porcentaxe debe ser a de mercado –polo que é preciso o informe da Comisión Nacional da Competencia- e se é aplicable o IVE para non incorrer en vulneración da competencia.
- k) O artigo 62 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais esixe que a memoria conteña o avance do orzamento de execución das obras, instalacións e reformas necesarias durante un período de 25 anos, requisito que non se cumpre, como tampouco o do proxecto de tarifas e a súa comparación co das empresas que fosen expropiadas ou rescatadas.

l) O estudo non prevé a suxeición ao IVE do depósito de automóbiles, como dispón o artigo 7.8 da Lei reguladora dese imposto.

m) O estudo non aclara o procedemento e as condicións para garantir a estabilidade laboral dos traballadores en caso de subrogación.

2) D. Rubén Cela Díaz e D. Xesús Domínguez Domínguez

1) A memoria carece dunha análise detallada e comparada das diferentes alternativas que permita xulgar claramente a eficiencia e sustentabilidade da proposta nos termos sinalados polo artigo 85.2 da LBRL. Requiren unha explicación clara e convincente de que a xestión directa é máis sustentable que a indirecta e que, no marco da primeira, é mellor por medio de TUSSA que polos medios propios da Corporación ou dun organismo autónomo local.

2) A memoria non recolle as fontes de ingresos de TUSSA: a que se cita son as propias taxas pero non aparece unha retribución pola prestación do servizo. Débese emendar esa omisión e elaborar un cadro coas fontes de ingresos e gastos das diferentes formas de xestión.

3) Emprégase o termo encomenda de xestión relacionado coa normativa regularadora do IVE e este o motivo fundamental de aforro na xestión por TUSSA. Pero iso contradí a percepción directa das taxas: a memoria debe aclarar se estamos perante unha xestión directa da propia sociedade ou se falamos dun encargo por encomenda de xestión onde os servizos prestados e facturados pola sociedade ao Concello non estarían suxeitos ao IVE. Se en realidade é unha encomenda de xestión debería aclarar que a subrogación do persoal adscrito é para TUSSA e non para a Corporación.

4) As cesións patrimoniais á sociedade non se valoran e cumpriría incorporalas á memoria e avaliar a súa viabilidade xurídica.

5) A memoria debe incorporar nos custos do servizo por parte do Concello a integridade deles e, polo tanto, os derivados da restitución da liquidación da nulidade contractual, así como as posibles indemnizacións ao persoal traballador.

6) A memoria prevé un incremento das retiradas de automóbiles pero debería explicarse como se vai acadar ese obxectivo.

7) A memoria debe calcular os custos dos software de forma clara, diferenciada e a prezos de mercado.

3) Da sociedade mercantil “Setex Aparki SA”

1) As conclusións do informe xurídico deberíanse axustar á nova DA26^a “Limitacións á incorporación de persoal laboral ao sector público” da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2017 (en diante, LOXE/2017). Considera que, á vista desta norma, a subrogación do persoal non é posible (só se prevé en casos excepcionais ou en cumprimento de sentenza xudicial) polo que non é válida a afirmación da memoria de que “Os traballadores pasarán a ser indefinidos non fixos e deberán convocarse procesos selectivos para a provisión definitiva das prazas”, que ademais minguaría os dereitos dos traballadores e podería significar unha obriga económica complementaria de TUSSA en forma de indemnización.

2) Os equipos actualmente instalados son propiedade de “Setex Aparki, SA” que os ofreceu como mellora gratuíta e non se amortizaron na concesión polo que non se pode soste que “segurán funcionando nos próximos anos”. E concreto, o Concello non ten dereito ningún sobre os parquímetros.

3) Non se pode comparar a xestión directa coa indirecta e logo prever a cesión gratuíta a TUSSA dos predios do depósito de automóviles mentres que na xestión indirecta os contratistas os deben aportar eles e aboar un alugueiro, cando moitos concellos admiten a cesión gratuíta a estes últimos. Os termos da comparación deben ser homoxéneos.

4) Se como sinala o informe de Intervención, os ingresos das taxas son obxecto de contabilización, TUSSA estaría obrigada a repercutir o IVE sobre os usuarios dos servizos. Pola contra, a actividade dun concesionario que só ingrese un canon estaría suxeita ao ITP e non ao IVE, e non tería que repercutilo aos usuarios, polo que a municipalización significaría un incremento do 21% sobre as tarifas. Tampouco é posible calcular o aumento de ingresos polas tarifas ao par do IPC á vista da Lei 2/2015, do 30 de marzo, nin é correcto o cálculo de ingresos por retiradas do guindastre cando hai unha clara tendencia á baixa.

5) A memoria asume que a actividade de TUSSA non estaría suxeita ao IVE pero iso contradi a doutrina da STS do 16.05.2011.

IV. No marco da execución de sentenza firme recaída na no PO nº 171/2012 do Xulgado CA 2 de Santiago e do Auto ditado por este en maio/2017, a Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión do 28.12.2017, consonte a proposta da mesa de contratación do 5.12.2017, decidiu non adxudicarlle o contrato de xestión dos servizos que nos ocupan á sociedade mercantil Doal ante a negativa desta empresa a asumilo, e resolveu que se lle comunicase a anterior decisión cos seus antecedentes ao xulgado. En cumprimento desa decisión promoveuse incidente de imposibilidade de execución da

sentenza na forma sinalada como preferente polo antedito Auto con data 15.01.2018, incidente que nestes momentos está en tramitación.

V. As anteditas alegacións foron obxecto de informes do director da asesoría xurídica e da directora de réxime interior -que se reproducen resumidos máis abaixo- como consecuencia dos que se refundiu o texto da memoria coa finalidade de incorporar as modificacións derivadas dos anteditos informes e das alegacións. En concreto, incorporáronse dous anexos: un coa relación/inventario de bens municipais obxecto de cesión de uso a favor de Tussa e outro coa definición do encargo de xestión e das tarifas de compensación do Concello á empresa municipal. Tamén se incorporou una breve explicación de Tussa sobre os custos en materia de software.

VI. O procedementode liquidación de efectos do contrato con Setex Aparki SA, que foi anulado xudicialmente, está previsto que se inicie con carácter inmediato e deberíase resolver on anterioridade ou alomenos simultaneamente á decisión que se adopte sobre a xestión do servizo.

VII. O informe do director da asesoría xurídica do 5.02.2018, en resumo, expón:

“CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A análise xurídica das alegacións presentadas e das cuestións relacionadas que suscitan realízase, por razón de claridade, por orde temática e en coordinación co informe que está a elaborar a Sra. directora de réxime interior para evitar reiteracións innecesarias.

1. O encargo a medio propio, a súa compensación, o circuío de ingresos e pagamentos, e a consideración de TUSSA como medio propio do Concello

Semella necesario clarexar algunhas dúbidas que xorden arredor do concepto de “encomenda de xestión” que se emprega na memoria xustificativa e que, pola súa ambigüidade, está na orixe dalgunhas confusións e incertidumes sinaladas polas alegacións.

A sociedade mercantil TUSSA ten a consideración de medio propio da Corporación e esta faille unha encomenda ou, mellor dito, un encargo a medio propio no sentido preciso establecido polos artigos 4.1.n) e 24.6 da Lei de contratos do sector público ata o de agora vixente (Rdlex. 3/2011, do 14 de novembro) e 32 da nova LCSP (Lei 9/2017, do 8 de novembro). Neste sentido, por razóns de claridade, débense suprimir as referencias que o derradeiro parágrafo da páxina 10 e o primeiro da páxina 11 da memoria realizan ás “encomendas de xestión” e ao artigo 11 da Lei de réxime xurídico do sector público (Lei 40/2015, do 1º de outubro), porque do que falamos aquí é de “encargo a medio propio” e a utilización daqueloutro concepto é susceptible de

provocar confusións terminolóxicas. Neste sentido, a exposición de motivos da nova LCSP sinala:

“No libro I... aparece unha nova regulación do chamado ‘medio propio’ da Administración, encomendas de xestión ou aplicación práctica da técnica denominada ‘in house’ **que pasa agora a chamarse ‘encargos a medios propios’**... Na Lei aumentanse as esixencias que deben cumprir estas entidades co que se evitan adjudicacións directas que poden menoscabar o principio de libre competencia... que o medio propio dispoña de medios persoais e materiais, adecuados para cumprir o encargo que se lle faga, que recabase a autorización do poder adjudicador do que dependa, que non teña participación dunha empresa privada e que non poida realizar libremente no mercado máis dun 20% da súa actividade.”

Por outra parte, TUSSA cumpre os requisitos esixidos polo artigo 32 da nova LCSP para que se lle considere como medio propio da Corporación:

- a) esta exerce sobre a empresa un control semellante ao que poida exercer sobre os seus propios servizos ou unidades;
- b) máis do 80% das actividades de TUSSA lévanse a cabo no exercicio de encargos da propia Corporación;
- c) a totalidade do seu capital é titular da Corporación; e
- d) a condición de medio propio personificado está recoñecida expresamente nos estatutos da sociedade.

É conveniente aludir aquí á incidencia que poida ter o dereito europeo na reinternalización da xestión dos servizos municipais con base nas directivas 2014/23/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26.02.2014, relativa á adjudicación de contratos de concesión -que provoca a desaparición no dereito español do tradicional contrato de xestión de servizos públicos-, e a 2014/24/UE, da mesma data, sobre contratación pública. A primeira delas sinala no seu considerando quinto:

“A presente Directiva reconece e reafirma o dereito dos Estados membros e as autoridades públicas a determinar os medios administrativos que consideren máis adecuados para a realización de obras e a prestación de servizos. En concreto, a presente Directiva non debería menoscabar de ningún xeito a liberdade dos Estados membros e das autoridades públicas para realizar obras ou prestar servizos directamente ao público ou para externalizar tal subministración mediante delegación a terceiros. Os Estados membros e as autoridades públicas deberían continuar sendo libres para definir e especificar as características dos servizos que haxan de prestarse, incluídas as eventuais

condicións relativas á calidade ou o prezo, de conformidade co Dereito da Unión, co fin de lograr os seus obxectivos de interese público.”

O anexo XXIV da memoria económica precisa que estamos perante un encargo a medio propio por parte do Concello de Santiago de Compostela a TUSSA e que esta ten a condición de medio propio como sinala expresamente o artigo 2 dos seus estatutos. O encargo aparece definido no antedito Anexo nos seus aspectos subxetivos, obxectivos e temporais. Especificase que o Concello aprobará a través das ordenanzas municipais as taxas que deben aboar as persoas usuarias –coas precisións que máis adiante faremos- e que TUSSA actuará como entidade colaborada na xestión e recadación das taxas en período voluntario. A mecánica de recadación e contabilización aparece descrita no apartado “réxime de financiamento dos servizos” do citado Anexo XXIV.

Pola súa parte, o apartado III da memoria xustificativa reitera que os ingresos procedentes dos servizos teñen a natureza de taxas -coa precisión que máis adiante faremos- e que se deben contabilizar como ingreso público no orzamento da Corporación.

Finalmente, o artigo 32 da nova LCSP esixe que co encargo a medio propio se estableza a compensación que a entidade pública lle debe aboar á este polo encargo, compensación que se debe determinar por referencia a tarifas aprobadas pola Corporación e que se calculará de xeito que represente os custos reais de realización das unidades producidas directamente polo medio propio. Por esa razón, cómpre incorporar un anexo no que se determinen aquelas tarifas.

2. As cuestións arredor da aplicación do IVE á compensación do encargo ao medio propio, ás tarifas das persoas usuarias en xeral e polo depósito de automóbiles en particular

Para isto é necesario aludir ás recentes modificacións que en materia tributaria introducen as disposicións finais da nova LCSP. A explicación de motivos desta última, no seu apartado VI sinala:

“A Lei nas súa disposicións finais modifica a regulación establecida en determinadas normas tributarias.

Así, aclárase a natureza xurídica das tarifas que abonan os usuarios pola utilización das obras ou a recepción dos servizos, tanto nos casos de xestión directa destes, a través da propia Administración, como nos supostos de xestión indirecta, a través de concesionarios, como prestacións patrimoniais de carácter público non tributario. Para estes efectos, dáselle nova redacción á disposición adicional primeira da Lei 58/2013, do 17 de decembro, xeral tributaria; ao artigo 20 do texto refundido da Lei reguladora

das facendas locais..., engadíndolle un novo apartado 6, e ao artigo 2 da Lei 8/1989, do 13 de abril, do réxime xurídico das taxas e os prezos públicos engadíndolle unha nova letra c).

Igualmente, é precisa a modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, coa finalidade de aclarar a non suxeición ao imposto de determinadas operacións realizadas por entes públicos, así como clarificar o concepto de subvención vinculada a prezo a efecto da súa inclusión na base imponible do IVE.

A Lei 28/2014, do 27 de novembro, modificou o artigo 7.8.º da Lei do IVE co obxectivo de establecer a non suxeición das operacións que as Administracións Públicas realicen sen contraprestación ou con contraprestación de natureza tributaria, así como dos servizos que as entidades do sector público prestan no ámbito interno ás Administracións Públicas das que dependen.”

O novo apartado 6 do artigo 20 da LRFL dispón:

“6. As contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación dos servizos públicos a que se refire o apartado 4 deste artigo, realizada de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario conforme ao previsto no artigo 31.3 da Constitución.

En concreto, terán tal consideración aquelas esixidas pola explotación de obras ou a prestación de servizos, en réxime de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital integramente público e demais fórmulas de Dereito privado.

Sen prexuízo do establecido no artigo 103 da Lei de Contratos do Sector Público, as contraprestacións económicas a que se refire este apartado regularanse mediante ordenanza. Durante o procedemento de aprobación da devandita ordenanza as entidades locais solicitarán informe preceptivo daquelas Administracións Públicas ás que o ordenamento xurídico lles atribuíses algunha facultade de intervención sobre elas.”

Pola súa parte, o artigo 7.8º da Lei reguladora do IVE, para o que interesa, na súa redacción actual establece que **non están suxeitas ao imposto:**

“8.º A) As entregas de bens e prestacións de servizos realizadas directamente polas Administracións Públicas, así como as entidades ás que se refiren os apartados C) e D) deste número, sen contraprestación ou mediante contraprestación de natureza tributaria.

B) Para estes efectos consideraranse Administracións Públicas: a) A Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas e as Entidades que integran a Administración Local. ...

C) Non estarán suxeitos ao imposto os servizos prestados en virtude dos encargos executados polos entes, organismos e entidades do sector público que ostenten, de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei de Contratos do Sector Público, a condición de medio propio personificado do poder adxudicador que ordenase o encargo, nos termos establecidos no referido artigo 32.

D) Así mesmo, non estarán suxeitos ao Imposto os servizos prestados por calquera entes, organismos ou entidades do sector público, nos termos a que se refire o artigo 3.1 da Lei de Contratos do Sector Público, a favor das Administracións Públicas da que dependan ou doutra integramente dependente destas, cando ditas Administracións Públicas ostenten a titularidade íntegra deles.

E) A non consideración como operacións suxeitas ao imposto que establecen os dous apartados C) e D) anteriores será igualmente aplicable aos servizos prestados entre as entidades ás que se refiren os mesmos, integramente dependentes da mesma Administración Pública.

F) En **todo caso, estarán suxeitas ao Imposto** as entregas de bens e prestacións de servizos que as Administracións, entes, organismos e entidades do sector público realicen no exercicio das actividades que a continuación se relacionan:

... h') **Almacenaxe e depósito.**”

A lectura destas disposicións lévanos ás seguintes conclusións:

a) A tarifa que se lles cobra ás persoas usuarias polo aparcamento na zona ORA ten a natureza de taxa (ex artigo 20.3.u da LRFL e ordenanza fiscal reguladora) polo que **non está suxeita ao IVE**.

b) A tarifa que se lles cobra ás persoas usuarias polo servizo de retirada da vía pública mediante o guindastre ten a natureza de prestación patrimonial de carácter público non tributario (ex artigo 20.6 en relación co 20.4 da LRFL) polo que **está suxeita ao IVE**.

c) A tarifa que se lles cobra ás persoas usuarias polo servizo de depósito de automóviles retirados da vía pública **está suxeita en todo caso ao IVE** (ex artigo 7.8º.F.h da Lei do IVE).

Aclárase que a suxeición ao IVE das operacións indicadas prodúcese en calquera caso sexa cal for a xestión do servizo –directa ou indirecta.

Xa que logo, deberíase adaptar o contido do apartado III.7 da memoria xustificativa (páxinas 55 e 56) ás consideracións que se deixan expostas.

d) A compensación que a Corporación lle aboe a TUSSA pola xestión dos servizos non está suxeita a IVE (ex artigo 7.8º.C da Lei do IVE). Neste punto, no referente á inexistencia de distorsión da competencia por esta circunstancia, remítome ás consideracións do informe da Sra. directora de réxime interior.

Este procedemento non require de informe de Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia nin do Consello Galego da Competencia. Por outra parte, a vella Comisión Nacional da Competencia aprobou en xuño/2013 un informe sobre “Los medios propios y las encomiendas de gestión: implicaciones de su uso desde la óptica de la competencia” www.cnmc.es/sites/default/files/1186066_0.pdf cuxas recomendacións en boa parte están recollidas na regulación que a nova LCSP contén dos encargos a medios propios.

3. Verbo das cuestións patrimoniais e a adscricións de bens municipais á prestación dos servizos

3.1 No tocante ao dereito do Concello á reversión gratuíta dos bens e as instalacións adscritos aos servizos a ORA e guindastre, incluídos os procedentes das melloras ofertadas pola empresa “Setex Apariki, SA”, remítome ás consideracións e conclusións do informe xurídico elaborado con data 30.08.2016.

3.2 En canto á cesión do uso de bens municipais a TUSSA -incluso gratuíta- para a xestión dos servizos públicos obxecto de encargo. Iso é perfectamente posible consonte a normativa básica estatal (Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións públicas, en concreto, os artigos 93.1 en relación co 137.4.a) como a autonómica aplicable -Lei 5/2011, dp 30 de setembro, de patrimonio da comunidade autónoma de Galicia, cuxo artigo 91 dispón:

“Artigo 91 Utilización de bens do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

A consellería competente en materia de patrimonio, a petición da sociedade interesada e previo informe da consellería de que dependa, pode permitir a utilización polas sociedades referidas no artigo 88.1 da presente lei de bens e dereitos do patrimonio da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais para o cumprimento dos fins e a xestión dos servizos públicos que tivesen encomendados, por calquera dos medios previstos na presente lei.”

Por outra parte, a doutrina xurisprudencial admite pacificamente a posibilidade de que o Concello lle adscriba bens municipais ao medio propio como sinala, por exemplo, a sentenza do TSX de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo nº 1857/2001, rec. nº 269/1988):

“SEXTO. La parte actora denuncia como infracción del artículo 104.3 TR de 1986 la aportación por el Concello de derechos sobre bienes de dominio público y no sobre bienes patrimoniales pero al respecto es de significar previamente que no se aprecia que tal circunstancia haya tenido una traducción funcional en inaceptable sentido perturbador de determinado uso o servicio público cuando los elementos aportados por el Concello se aplican específicamente a la prestación del servicio público de que se trata a través de la gestión indirecta adoptada. Desde otro punto de vista ha de tenerse en cuenta que en dicho artículo 104.3 se permite la aportación de la concesión y de "otra clase de derechos", de manera que la exigencia sobre la condición de bienes patrimoniales para las "instalaciones, equipamientos o numerario", no excluye la posibilidad de aportación de las que pueden ser consideradas como otras modalidades de derechos, sin transmisión de la titularidad del bien, y entre ellas la de los denominados derechos reales administrativos, con la consecuencia de que ello cabe derivar en relación con la viabilidad de considerar aquellos derechos como hasta cierto punto asimilables a una situación de patrimonialización a los efectos que llegado el caso fueran necesarios.”

É conveniente incorporar un anexo que especifique a relación de bens mobles e inmoables de titularidade municipal cuxo uso se prevé ceder a TUSSA, sen prexuízo de que con posterioridade se adopten os acordos e se formalicen os títulos administrativos que lexitimen a cesión e a súas condicións.

4. As cuestións referentes á subrogación dos traballadores adscritos ao servizo

Efectivamente, a DA26^a da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2017 (en diante, LOXE/2017), que entrou en vigor o 29.06.2017, ten unha relevancia singular para o caso que nos ocupa. Para interpretar esta complexa disposición é conveniente estenderse nalgúns cuestións previas.

En primeiro lugar, as modificacións introducidas na LBRL no ano 2013 subliñaron que a decisión sobre a elección da forma de xestión dos servizos públicos locais debe centrarse nos piares da eficiencia e da sustentabilidade económico-financieira (véxanse os artigos 85, 85bis, 85ter e 86). Sen embargo as sucesivas leis orzamentarias do Estado viñan convertendo a cuestión do persoal nun asunto nuclear -co ánimo de reducir o volume de empregados ao servizo do sector público e o gasto correspondente. Esa situación fai agromar graves problemas interpretativos de cara a harmonizar as normas

orxamentarias sobre as limitacións en materia de persoal co recoñecemento constitucional da autonomía local e o dereito de estabilidade dos traballadores das empresas adxudicatarias de servizos públicos en virtude da institución da “sucesión de empresa” ou “subrogación laboral” que, convén recordar, forma parte do dereito común europeo. Noutras palabras, á hora de resolver sobre a posible reinternalización dun servizo público local xorden fortes tensións arredor das cuestións de persoal que moitas veces desprazan á eficiencia e sustentabilidade no centro do debate.

Neste contexto -como xa se dixo- a asunción da xestión directa por parte do Concello e a través de TUSSA dos servizos discutidos constituiría unha “sucesión de empresa” para os efectos das relacións laborais dos traballadores da sociedade concesionaria adscritos aos servizos no que empresa cedente sería “Setex Aparki, SA” e a empresa cesionaria TUSSA.

A finalidade da sucesión de empresa é a de protexer aos traballadores afectados, en concreto, para garantir o mantemento dos seus dereitos laborais. Neste punto é relevante precisar que, en abstracto, a transmisión non pode afectar á natureza das relacións laborais preexistentes, isto é, non comporta unha modificación da relación laboral dos traballadores afectados. En resumo, atopámonos por unha banda co dereito laboral que persegue a permanencia e a estabilidade no emprego dos traballadores afectados e, pola outra, co dereito administrativo que esixe a defensa da igualdade e o mérito como requisitos de acceso ao emprego público. Para resolver esta contradición fórmulanse hoxe en día diversas solucións, todas elas instisfactorias:

a) A primeira defende que se apliquen aos contratos subrogados as mesmas consecuencias que aos contratos irregulares ou en fraude de lei, o que se traduciu na creación xurisprudencial do “traballador indefinido non fixo”. Este non adquiriría praza fixa ata superar unhas probas selectivas polo procedemento legalmente aplicable.

b) A tese anterior, segundo a doutrina predominante entre os laboristas, significaría unha novación contractual que batería coas disposicións da Directiva Comunitaria 2001/23/CE do Consello, do 12.03.2001, como a interpreta o TXUE, e o artigo 44 ET, Directiva e Lei que lles impoñen ás entidades cesionarias a obrigaón de asumiren todos os dereitos e obrigaóns que tiña a cedente respecto dos seus traballadores.

En resumo, no conflito entre os principios administrativos de acceso ao emprego público e a Directiva considera una boa parte da doutrina laborista que debe prevalecer esta última porque o dereito comunitario é de aplicación preferente sobre o interno -como sostén reiteradamente o TXUE. Nesa dirección, aínda hai unha variante doutrinal que tenta harmonizar esas disposicións interpretando que o persoal subrogado mantén a condición de fixo pero non adquire a de empregado público, polo que a subrogación tampouco conleva un plus adicional ao estatus laboral previo. Deste xeito

os traballadores subrogados integrárianse no cadro de persoal e na RPT da entidade pública pero quedan circunscritos ao ámbito sectorial transmitido, sen dereito á mobilidade nin promoción profesional nos outros ámbitos da entidade.

Algúns autores (por exemplo, Josep Aldomá Buixadé, Obervatorio Local, nº 51 xuño/2017, Monográfico Especial) interpreta que esta última posición é avalada pola DA26^a da LPXE en canto establece que se aplicarán as previsións sobre sucesión de empresas da normativa laboral aos traballadores das empresas adxudicatarias de servizos públicos cando se extingan os contratos pero aqueles non se poderán considerar como empregados públicos nos termos do EBEP e tampouco, aínda que non o diga expresamente aquela disposición, cando a entidade cesionaria na subrogación sexa de dereito privado (sociedade mercantil ou fundación) porque estas non quedan incluídas no ámbito da EBEP.

En estreita conexión co anterior suscítase a cuestión da compatibilidade da subrogación co cumprimento dos límites establecidos pola LOXE/2017 para as entidades do sector público (entendidas estas últimas no sentido definido polas normas orzamentarias sobre gastos de persoal) en canto a incremento da masa salarial e suxeición de novas contratacións a un límite percentual fixado sobre unha taxa de reposición de efectivos. O dilema que xorde, como xa dixemos, é se estes límites incapacitan ás entidades locais para decidir sobre a forma de xestión dos servizos públicos co que iso pode significar de vulneración ilexítima do principio de autonomía local.

Deféndese que, sen esquecer os termos literais da LOXE, é preciso integrar estes coas normas que constitúen o sistema do emprego público no sentido de que o límite máximo da masa salarial se establece por comparación entre dous exercicios consecutivos pero en termos de homoxeneidade polo que se refire ao número de efectivos, homoxeneidade que non existe cando se poñen en marcha novos servizos ou se modifica a prestación dos existentes e esta modificación conleva sucesión de empresa.

En resumo, cabe preguntarse ata que punto as taxas de reposición de efectivos establecidos na normativa orzamentaria se aplican aos procesos de reinternalización de servizos e son compatibles coa aplicación do artigo 44 ET sobre a subrogación nas relacións laborais porque:

- a) Primeiro, as taxas de reposición están deseñadas para a incorporación de persoal de novo ingreso mentres que os procesos de reinternalización significan unha forma extraordinaria de incorporación de persoal.
- b) Segundo, aquelas normas deben interpretarse en razón da súa finalidade, garantir a estabilidade financeira e orzamentaria, polo que se a reinternalización do servizo é máis

eficiente, sería contrario á finalidade da norma impedir a reestruturación na prestación do servizo.

A STS do 21.05.2015 (ROJ 3410/2014) rexeita que as decisións administrativas referidas á ordenación do persoal (clasificación de postos de traballo) teñan preferencia sobre a aplicación da subrogación nas relacións laborais. E a STS 3.02.2015 (ROJ 979/2015) interpreta restritivamente a aplicación das taxas de reposición por significar unha excepción á regra do artigo 70 da do EBEP e argumenta que onde din “contratación”, “novo ingreso” e “incorporación” non se pode entender comprendido un suposto de cambio de cualificación dun contrato xa existente. Finalmente, a STSJ de Andalucía do 29.10.2015 (ROJ 11967/2015) mantén que se deben interpretar restritivamente aquelas disposicións orzamentarias por ser normas limitativas de dereitos laborais recoñecidos no ET e nas directivas comunitarias. Conclúe que cando nun suposto concreto concurren os requisitos para a subrogación non serían aplicables as limitacións derivadas da taxa de reposición de efectivos.

A nova DA26^a da LPXE 2017 introduce aínda máis dúbidas e interrogantes sobre estas cuestións xa que é sorprendente que prevexa a aplicación do mecanismo subrogatorio nas relacións laborais ex artigo 44 ET pero limite a non computación para os efectos da taxa de reposición de efectivos só aos casos de sentenza xudicial ou realización previa dun proceso selectivo: introdúcese por vía da norma orzamentaria uns límites de validez dubidosa á potestade reorganizatoria das entidades públicas máis alá dos admitidos polas normas nacionais (artigo 44 ET) e comunitarias (Directiva 2001/23/CE). Probablemente esa norma orzamentaria estea abocada a ser interpretada polos tribunais españois ou comunitarios vía cuestión prexudicial xa que parece pouco compatible co dereito europeo.

O MHAP e os xulgados do contencioso-administrativo veñen entendendo -xa antes da entrada en vigor da DA26^a LOXE/2017- que o carácter de normativa básica das limitacións ás ampliacións de persoal que impuxeron as sucesivas leis de orzamentos non permite máis contratacións de persoal que as previstas cada ano para a reposición de efectivos. Dito isto, non existe sen embargo una doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo sobre a cuestión e incluso parece que a Sala 3^a -do Contencioso-administrativo- e a Sala 4^a -do Social- non van polo mesmo camiño.

Neste contexto, como sinala Martínez Fernández (“La remunicipalización de servicios”, El Consultor de los Ayuntamientos, nº 9, maio/2017) pódese concluír que a DA26^a da LOXE/2017 é pouco clarificadora: no seu apartado un parece recoller a posición da DXFP, que os traballadores subrogados como consecuencia de procesos de reinternalización non se poderán considerar empregados públicos do artigo 8 da EBEP nin se poderán incorporar nesa condición a unha administración pública ou entidade local, é dicir, incorporaríanse como “persoal a extinguir” (dando a entender que estes

traballadores non se terán en conta no cómputo da taxa de reposición de efectivos porque non se di nada ao respecto). E conclúe:

“Na nosa opinión, cando procede a subrogación legal por concorrer os requisitos do artigo 44 ET, imposta por decisión xudicial ou acordada pola Administración sen agardar á condena dos tribunais, débese asumir que o persoal afecto ao servizo da empresa contratada opte por exercer o dereito de subrogación, aínda que se supere o límite da taxa de reposición de efectivos e, posteriormente, na medida en que os límites desa taxa o permitan, proceder a cubrir os postos por un procedemento que garanta os principios de acceso ao emprego público, principios que igualmente se aplican no caso das entidades públicas, como dispón a DA1ª do EBEP.”

Por se todo este enleado panorama de normas e interpretacións -que tentei resumir- non fose incerto dabondo, a nova LCSP tamén achega a súa aportación. En concreto, o artigo 130 denominado “Información sobre as condicións de subrogación de contratos de traballo” no seu apartado 3 di::

“Artigo 130. Información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo

3. No caso de que unha Administración Pública decida prestar directamente un servizo que ata a data viña sendo prestado por un operador económico, virá obrigada á subrogación do persoal que o prestaba se así o establece unha norma legal, un convenio colectivo ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral.

A comparación co seu precedente (artigo 120 da LCSP de 2001) apunta ao extraordinario relevo que pode ter o novo apartado 130.3 no que se establece unha norma clara, específica e de carácter xeral para o caso en que a empresa cesionaria sexa una administración pública (en sentido amplo) que decide prestar directamente un servizo público que ata entón se viña prestando indirectamente. É lóxico preguntarse -como fan os poucos comentaristas que tiveron oportunidade de asomarse a ela- se non está a establecer, pura e simplemente, una regra que deixa sen efecto para o caso as disposicións orzamentarias sobre limitacións en materia de contratación de persoal e, sinaladamente, a DA26ª da LOXE/2017. Sen embargo, é sorprendente que, con motivo da introdución desa novidosa disposición na tramitación do proxecto de lei no seo do Congreso de Deputados, se omitise calquera explicación sobre ese extremo.

Pero aínda máis, se o recente artigo 130.3 da LCSP parece establecer sen reparos a subrogación laboral das administracións públicas cando asuman a xestión directa dos servizos públicos, é lóxico concluír que esa subrogación se producirá con plenitude de efectos para o persoal afectado que xa non se convertería en persoal indefinido non fixo senón en persoal fixo “a extinguir” nos termos que se indicaron máis arriba.

Sobre esta cuestión é pertinente reproducir a autorizada opinión do catedrático D. Rafael Jiménez Asensio expresada no seu artigo “La remunicipalización de servicios: la problemática de los RRHH”

(<https://rafaeljimenezasensio.com/2018/01/24/remunicipalizacion-de-servicios-publicos-la-problematika-de-los-rrhh/>):

“El tema de la reinternalización de los servicios públicos locales y más aún en lo que afecta a los temas de personal es particularmente complejo por el cruce de diferentes sistemas normativos, sectores del ordenamiento jurídico, así como legislaciones generales y específicas en función de cada materia. El cruce entre Derecho derivado de la Unión Europea (Directiva 2001/23/CE) con el ordenamiento jurídico interno, incluso a nivel constitucional, plantea problemas de adecuación que deben resolverse integra o armónicamente y algunos de ellos no son fáciles (véase sobre el particular la Declaración 1/2004, sobre el Proyecto de Constitución Europea): por ejemplo, cómo salvaguardar el derecho de acceso al empleo público de conformidad con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, con la subrogación derivada del mantenimiento de los derechos de los trabajadores en el caso de transmisión de empresas, centros de trabajo o unidades productivas al ámbito público.

Ciertamente, la jurisprudencia constitucional cerró de un portazo la invocación del artículo 23.2 CE en lo que afecta al empleo público laboral, en una interpretación ciertamente discutible. El derecho fundamental de acceso en condiciones de igualdad (y de permanencia) en la función pública no alcanza en su contenido al empleo público laboral, pero sobre todo representa que no puede ser invocada la vulneración de tal derecho en un recurso de amparo. Pero eso no puede implicar que al empleo público laboral no le sean aplicables los principios de mérito y capacidad (artículo 103.3 CE, en una concepción amplia y contextualizada actualmente de la noción de “función pública”), como tampoco que no le sea aplicable el principio de igualdad por determinación legal (artículos 55, 61 y disposición adicional primera del TREBEP), ya que no constitucional.

Este es el gran problema al que debe hacer frente la reinternalización de servicios públicos locales: cómo casar principios constitucionales y legales en materia de acceso al empleo público con el automatismo de la integración de un personal que no ha acreditado tales exigencias y que se inserta en la nómina administrativa o del sector público, en principio, con carácter definitivo; pues su relación laboral fija no se puede trastocar mediante el fácil recurso a la figura “comodín” del personal laboral por tiempo indefinido porque se perturbaría totalmente la finalidad de la Directiva 2001/23/CE: en este caso, en la sucesión de empresas o subrogación, como recordó Joan Mauri y resalta también Federico Castillo, no hay fraude de ley ni falta de diligencia o relajación en el cumplimiento de la legalidad, sino todo lo contrario: el Derecho de la Unión Europea y la Ley (Estatuto de los Trabajadores) se cumple en sus justos términos. Hay que

garantizar los derechos de los trabajadores obtenidos en la empresa cedente por parte de la cesionaria, nada que objetar. No se puede pretender travestir en laboral por tiempo indefinido a quien ya es laboral fijo; la finalidad de la normativa europea lo impide. No hagamos, por tanto, trampas; aunque la estación de destino sea el sector público.

Y es aquí donde surge una nueva figura (otra más) de empleado al servicio del sector público (pues cobra de los presupuestos públicos), pero en este caso es un empleado “no público” (según la disposición adicional vigésimo sexta, apartado primero, de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para 2017): es el juego de las “*Matrioskas*” aplicado al empleo público. Ahora tenemos algo nuevo: un empleado, en efecto, que presta sus servicios en una Administración *pública* o en el sector *público*, donde se ha incorporado mediante procedimientos de remunicipalización o de reinternalización. Sin otra acreditación.

Un empleado, asimismo, que se encuentra extramuros de la categoría genérica de *empleados públicos* del artículo 8 TREBEP; que no es, por tanto, personal laboral fijo, ni personal laboral temporal, ni siquiera personal laboral por tiempo indefinido, tampoco personal laboral de empresas públicas (que no es empleado público, pero sí empleado del sector público). Ahora, como bien señala el autor, ya tenemos otra nueva categoría específica de “servidor público”, una suerte de figura nueva que se mueve en el *limbo* o en una *burbuja*, pues es personal subrogado en la Administración Pública o en el sector público, que por su propia condición solo se puede insertar en tales entidades públicas con la condición “a extinguir” y no se le pueden reconocer derechos y expectativas laborales que estén vinculados a aquellos empleados públicos para cuyo acceso se hayan debido superar procesos selectivos abiertos y competitivos. Al menos de momento.

En cualquier caso, esta nueva figura complica el ovillo existente, que ya estaba de por sí bastante entrecruzado. El legislador se enreda una y otra vez. Las previsiones de la LPGE-2017 en esta materia no añaden precisamente mucha luz, sino más bien sombras. El operador político y técnico se enfrenta, así, a un sinfín de problemas prácticos que en ocasiones son casi irresolubles, o cuando menos abren interpretaciones divergentes (en el “supermercado de la doctrina jurisprudencial” o incluso de la jurisprudencia) que dan pie a un cúmulo importante de litigios. Cada uno sienta doctrina, que para eso está.

Realmente, la complejidad de los problemas que se abren con este tipo de procesos es elevadísima. Y, por tanto, ayuda notablemente disponer de trabajos como el elaborado por Castillo Blanco o algunos anteriores sobre esta misma materia, por ejemplo los de Susana Rodríguez Escanciano o de Joan Mauri, por solo aportar dos nombres que se mueven en el espacio “mixto” (administrativo/laboral o viceversa). El autor, en este caso, analiza el problema desde una óptica también plural: se adentra en la tramitación administrativa del expediente de reinternalización, donde mantiene una tesis de

impronta propia, que cabe compartir. Cuando se trata de un servicio público no económico (esto es, un servicio público reservado al sector público) es superfluo (e inadecuado) tramitar el expediente acreditativo y de oportunidad del artículo 97 TRRL. Tesis que comparto.

Lo mismo cabe añadir en el caso del cómputo o no cómputo a efectos de tasa de reposición de ese personal internalizado como consecuencia de una sucesión de empresas. La lógica institucional (¿para qué y por qué se creo esa figura?) de la tasa de reposición nada tiene que ver con la reinternalización de un servicio público: en este caso el personal se incorpora a la Administración pública por previsión del Derecho de la Unión Europea y de la legislación laboral. No hay manipulación de las normas vigentes ni se pretende sortear su aplicación. En esto la LPGE-2017 ha generado más confusión que claridad.

En fin, una vez definido el molde de acogida para este tipo singular de trabajadores “públicos”: *el personal (o trabajador) subrogado*, que se inserta como figura a extinguir, un aspecto determinante es el estatuto jurídico que se deriva de esa nueva relación (“de continuidad”) procedente del sector privado y que ahora se entromete en el sector público. Un traje poco apropiado para vestir “ex novo” y que requerirá un período de adaptación hasta que el cuerpo del subrogado se pueda encajar cómodamente en el vestido del sector público. Salvo pacto en contrario, el personal heredado mantiene sus condiciones de trabajo derivadas del convenio colectivo de la empresa cedente y mientras aquel se encuentre en vigor. Cuando el convenio venza o se extinga la cosas cambiarán presumiblemente. Pero el personal subrogado tiene limitaciones evidentes a la hora de asumir derechos o expectativas propios del personal laboral por tiempo indefinido. Y esto, en principio, lo marcará como *un extraño en la propia organización pública*: tiene el subrogado una movilidad reducida a su propio espacio institucional (u organizativo) objeto de subrogación, tampoco puede hacer uso de la promoción y, todo lo más, podrá ir con el tiempo viendo como sus derechos se van equiparando con los del resto de empleados públicos, pero no será tal hasta que supere un proceso selectivo abierto y competitivo.”

En definitiva, á vista da extraordinaria complexidade da cuestión non se pode garantir que á subrogación do persoal afectado -obligada ex artigo 44 ET e a Directiva europea antedita- non lle sexan aplicables as limitacións que literalmente se desprenden da DA26^a da LOXE/2017 e a Corporación terá que avaliar, cos datos e consideracións que modestamente se aportan, cal sexa a decisión máis adecuada para o interese público.

Con relación a este apartado, conclúo:

Primeiro. A asunción da xestión directa dos servizos públicos de guindastre e ORA a través da sociedade mercantil municipal TUSSA, que se viñan prestando de forma

indirecta, constituiría un suposto de “sucesión de empresas” para os efectos do artigo 44 do Estatuto dos traballadores e da Directiva Comunitaria 2001/23/CE do Consello, do 12.03.2001.

Segundo. Á subrogación de TUSSA nos dereitos e obrigacións laborais dos traballadores actualmente adscritos a aqueles servizos e derivada daquelas normas legais serialle aplicable a partir do 9.03.2018 a regra que contén o artigo 130.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen que a día de hoxe sexa posible, por razóns obvias, contar con doutrina xurisprudencial que ilumine verbo do grao de incidencia daquel artigo 130.3 sobre as disposicións orzamentarias previas en materia de limitacións de incorporación de persoal laboral ao sector público.

Terceiro. Os traballadores obxecto de subrogación vinculados actualmente coa concesionaria por medio de contratos laborais fixos poderíanse considerar como constituír persoal fixo “a extinguir” de TUSSA.

De cara á aprobación definitiva do expediente, se fose o caso, cumpriría adaptar a redacción do apartado II.4 da memoria xustificativa ás consideracións anteriores que se acepten.”

VII. O informe da directora de réxime interior do 8.02.2018, en resumo, expón:

“Primeiro. Alegacións referidas ao sistema de retribución/compensación á empresa mercantil TUSSA polo encargo de xestión

O artigo 32 da LCSP dispón que os poderes adxudicadores –neste caso o Concello de Santiago de Compostela- poderán organizarse executando dun xeito directo prestacións propias do contrato de concesión de servizos –no que agora interesa- a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose doutra persoa xurídica distinta a eles, sexa de dereito público ou de dereito privado -TUSSA-, previo encargo a esta, con suxeición ao disposto nese mesmo artigo, sempre e cando a persoa xurídica que empreguen mereza a cualificación xurídica de medio propio personificado respecto deles.

Tocante ao réxime económico dos encargos, o primeiro que hai que advertir é a ausencia de regulación sobre a materia na normativa interna. A única mención expresa á cuestión é a consideración xenérica prevista no artigo 32 da LCSP, nos termos que se exporán máis adiante.

No ámbito comunitario, a Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, tampouco contén referencias completas ao réxime económico dos encargos de xestión. Limitase a indicar que determinados supostos -de contratos entre entidades do sector

público- deben queda fóra do ámbito de aplicación dos procedementos de contratación pública “*dado o seu carácter non contractual*” e de “*relación meramente administrativa*” nos que unha entidade xurídica actúa, consonte as disposicións pertinentes da lexislación nacional, como instrumento ou servizo técnico para determinados poderes adxudicadores e **está obrigada a cumprir as instrucións recibidas deses poderes adxudicadores “*sen exercer influencia sobre a retribución da súa execución*”** –considerando 34 da Directiva 2014/24/UE.

Tendo en conta iso e o artigo 32 da LCSP, **a compensación polo encargo de xestión establecerase por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública da que depende o medio propio personificado** para as actividades obxecto do encargo realizado directamente polo medio propio. As anteditas tarifas calcularanse de xeito que representen **os custos reais de realización das unidades producidas directamente polo medio propio** (artigo 32.2.a da LCSP). A ausencia dunha regulación detallada sobre o réxime económico dos encargos propicia a falta de homoxeneidade sobre os conceptos que as tarifas deben incluír.

Con carácter orientativo pódese acudir ao acordo do Consello de Ministros de 6 de xuño do 2008 que contén instrucións para atribuír a condición de medio propio e servizo técnico a sociedades mercantís estatais, cuxo apartado 4º establece que a tarifa ou retribución da encomenda debe cubrir o valor das prestacións encargadas, tendo en conta para o cálculo os gastos directos e indirectos, e as marxes razoables para atender desviacións e imprevistos e de rendibilidade. Tocante ao último dos elementos enunciados -marxe de rendibilidade- o Tribunal de Contas -no informe nº 1003- precisou que a previsión desas marxes para os medios propios en execución de encargos xestión non encaixa coa lóxica e a coherencia xurídica e económica deles, **porque os medios propios fináncianse con fondos públicos e actúan para a entidade do sector público da que son medio propio como órgano técnico desta sen asumir o risco dun empresario particular.**

O Tribunal de Contas recomenda que se **eliminen as marxes de rendibilidade nas tarifas aplicables aos medios propios**, que deben prever **unicamente os custos reais de produción ou realización, xa que -aquelas marxes- poderían ser consideradas axudas públicas nos medios propios que tamén actúen no mercado, cun encarecemento inxustificado das prestacións que se realizan para a Administración.** Xunto con esta precisión, o Tribunal aconsella que a aprobación das tarifas debe levar aparellada unha análise de presos comparativos cos de mercado, para evitar que a través do sistema de encargos de xestión se manteñan artificialmente entidades non operativas cuxos custos de infraestruturas excesivamente dimensionados se trasladen como custos fixos, encarecendo inxustificadamente a execución obxecto do encargo e **que, sempre que sexa posible, as marxes para atender desviacións e imprevistos se liquiden debidamente xustificadas caso por caso.** Sobre esta última

cuestión -marxes para desviacións ou imprevistos-, o Tribunal entende que, aínda que as tarifas as poida prever, **deberíanse liquidar, caso a caso, xustificando que efectivamente as desviacións ou os imprevistos se produciron.**

Por iso a estrutura da retribución da empresa municipal pola execución do encargo de xestión -facturación ao Concello polo importe dos ingresos xerados polo servizo- debe modificarse. O procedente sería aprobar as tarifas ao abeiro das que TUSSA lle facturaría ao Concello polos servizos efectivamente prestados -con detalle de unidades de servizo realizadas-, tendo en conta na súa cuantificación os custos directos e indirectos realmente imputables a cada unidade de servizo, con independencia dos ingresos que se obteñan polo aboamento das tarifas dos usuarios.

En definitiva, o Concello debe aprobar as tarifas da compensación/retribución do medio propio -TUSSA- vinculadas exclusivamente aos **custos reais de produción ou realización dos servizos obxecto do encargo**, aprobación da que depende que opere a condición de control do medio propio análogo ao que deben ter os poderes adxudicadores sobre os seus entes instrumentais.

As facturas que TUSSA lle remitiría ao Concello -consonte as anteditas tarifas- implicarían un gasto por conta do orzamento municipal, que tamén debería recoller os recursos xerados polo aboamento das taxas polos usuarios. Pola súa banda, as contas de TUSSA deberían recoller a execución dos gastos nos que incorra pola prestación dos servizos -nos correspondentes conceptos pola natureza dos gastos: gastos de persoal, servizos exteriores...etc- e os ingresos obtidos pola facturación remitida ao Concello – consonte as tarifas do encargo.

Segundo. Alegacións referidas ao incremento dun 2% da recadación polas tarifas aboadas polos usuarios

O documento da memoria -para efectos comparativos- sinala na páxina 40 que *“Neste sentido, a estimación dos ingresos **recadación será a mesma para calquera das modalidades de xestión, dado que estes nos veñen dados polas taxas aplicables a cada un dos servizos, polos horarios de aplicación ao servizo, e polo obxecto de cada servizo, que están determinados nas ordenanzas xerais (normativa xeral do servizo) e polas ordenanzas fiscais.**”*

Aínda que, efectivamente, o antedito documento parte dunha actualización de tarifas dun 2% anual -referenciada a estimacións sobre o IPC-, esta previsión debe interpretarse como un criterio xenérico empregado para os únicos efectos de cuantificar a recadación de cada ano, sen que iso implique a decisión de actualizar automaticamente as tarifas en función do citado índice. Sobre esta cuestión hai que advertir que a DA4ª da Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, suprimiu a referencia no

artigo 25 do TRLFL a calquera actualización periódica en función de índices. E o artigo 1 da mesma Lei dispón que o obxecto da norma é establecer un réxime baseado en que os valores monetarios non se modifiquen en base a índices de prezos ou fórmulas que os conteñan, o que abrangue os conceptos de prezos dos contratos públicos, taxas, prezos e tarifas regulados, subvencións, prestacións, axudas, multas e sancións ou valores referenciais.

En calquera caso, tendo en conta o deseño e a estrutura do servizo de guindastre o determinante na estimación dos ingresos, non é tanto a posible actualización periódica das tarifas aboadas polos usuarios nese 2%, senón o número de retiradas de vehículos efectuadas, extremo que se analizará máis polo miúdo noutro punto deste informe.

Terceiro. Alegacións referidas ao número de retiradas de vehículos que se tivo en conta na estimación de ingresos

Como está deseñado o servizo de retirada de vehículos con guindastre, é determinante na análise da súa viabilidade financeira -tanto en xestión directa como en xestión indirecta- o número de vehículos retirados ao ano que se calculan para estimar os ingresos xerados polo servizo: véxase a páxina 32 do documento. Sobre esta cuestión presentáronse tres alegacións que inciden na falta de xustificación adecuada do incremento no número de retiradas.

A memoria considera os datos de retiradas de vehículos ata o ano 2015 por ser éste o último coñecido pero o certo é que, pola transcendencia desa magnitude para un servizo cunha estrutura de custos fixos moi elevada -os de persoal acadan preto do 80% do total-, a tendencia á baixa dos últimos tempos leva a considerar un escenario semellante nos anos 2016 e 2017, que nos sitúa nunhas cifras con caídas significativas e afastadas das previsións que se manexaron cando se licitou a xestión dos servizos no ano 2011, ou nos anos 2012 -con 5.430 vehículos- e 2015 -con 7.316 vehículos retirados-, sen que se coñezan os motivos de semellante proces, cuestión esta última que debería quedar clarexada porque a procura de solucións precisa dunha correcta diagnose do problema.

A propia estrutura e dimensión do servizo de guindastre convérteo nunha actividade especialmente sensible á diminución da recadación pola caída das retiradas. Polas características e compoñentes da conta de explotación do servizo, a súa viabilidade económica e sustentabilidade financeira está fortemente condicionada ao mantemento dun nivel de recadación e por extensión da retirada de vehículos, que -polas proxeccións efectuadas mantendo os custes previstos na táboa 9 da documentación anexa á memoria- debería acadar alomenos os 7.000 vehículos.

Polo antedito, o mantemento do servizo en condicións de mínima solvencia -sen modificar o importe das tarifas dos usuarios- pasa reverter a tendencia á baixa na

retirada de vehículos e chegar ao umbral mínimo dos 7.000 vehículos ou reducir os compoñentes de custos fixos, coa dificultade que isto conleva xa que os de persoal rondan o 80% do total, o que reconduce ao redeseño e reestruturación do propio servizo, na medida en que as circunstancias xurídico-laborais e a evolución da demanda e do desenvolvemento das actividades o permitan.

Por outra banda, hai que advertir que a continuidade no descenso de vehículos retirados, afectaría -pola diferenza entre os gastos e os ingresos- á capacidade de financiamento do Concello en materia de cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Cuarto. Alegacións referidas á falta de homoxeneidade na comparación dos custos relativos ás parcelas do depósito

A páxina 29 da memoria indica que *“No caso de xestión privada o concesionario deberá alugar unha ou dúas parcelas para levar a cabo o servizo, e así está recollido na análise económica. No caso da xestión directa dispoñerá de dúas parcelas cedidas polo Concello.”* Efectivamente, este plantexamento afecta á homoxeneidade dos termos da comparación, creba que se mitigaría de admitir a posibilidade de que tamén un concesionario privado acceda á cesión de uso gratuíta dos predios por parte do Concello. Esta circunstancia repercute na estrutura de custos que se tiveron en en conta nas comparacións da memoria, diminuindo o custo total da xestión indirecta no importe previsto para a partida de aluguer.

Quinto. Alegacións referidas á suxeición ao IVE dos servizos prestados ao Concello por TUSSA a través do encargo de xestión

A análise desta cuestión leva á interpretación de dúas disposicións. Por unha banda, o artigo 13.1 da Directiva 2006/112/CE do Consello, de 28 de novembro do 2006, que dispón que os Estados, as rexións, as provincias, os municipios e os demais organismos de dereito público non terán a condición de suxeitos pasivos en canto ás actividades ou operacións nas que actúen como autoridades públicas, nin sequera no caso de que por iso perciban dereitos, rendas, cotizacións ou retribucións. Non obstante, cando efectúen esas actividades ou operacións deberán ser considerados suxeitos pasivos en canto a ditas actividades ou operacións, na medida en que o feito de non consideralos suxeitos pasivos leve a distorsións significativas da competencia.

E, por outra banda, o artigo 7.8 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, que dispón que non estarán suxeitas ao imposto os servizos prestados ao abeiro dos encargos executados polos entes, organismos e entidades do sector público que teñan, consonte o artigo 32 da LCSP, a condición de medio propio personificado do poder adxudicador que ordene o encargo, nos termos establecidos no citado artigo 32.

Sobre esta cuestión existen pronunciamientos de diferentes organismos e entidades da Abogacía Xeral do Estado -Ditame do 25 de novembro do 2010-, a IXAE -Circular 5/2013 de 15 de abril sobre a suxeición ao IVE das encomendas de xestión-, a Subdirección Xeral de Ordenación Legal e Asistencia Xurídica da AEAT -Informe A/51/12, de 6 de xuño do 2012-, o Tribunal de Contas -Informes de fiscalización de encomendas de xestión- e a Dirección Xeral de Tributos en numerosas consultas.

Dunha análise sistemática deses pronunciamientos conclúese que a non suxeición esixe que os entes públicos actúen de forma directa pero tendo en conta as diferentes formas de xestión dos servizos públicos que ofrece o ordenamento xurídico -artigo 85 da LCSP. A non suxeición é aplicable cando a actividade se realice a través das distintas formas de personificación existentes no sector público -organismos autónomos, entidades públicas empresariais, fundacións públicas, axencias públicas ou sociedades mercantís de natureza pública.

O Tribunal Supremo -SSTS 25.09.2002; 23.04.2004 ou 12.06.2004- considera que as entidades integramente participadas por entes públicos e adicadas á xestión de servizos propios do ente territorial son órganos técnico-xurídicos do ente territorial e que non se pode considerar estas sociedades mercantís de igual xeito que as pertencentes a socios privados.

Nos encargos do artigo 32 da LCSP cúmprense as dúas condicións esixidas pola Directiva: actividade realizada por un ente público no exercicio dunha función pública, sempre que as actuacións que o poder adxudicador encomendante poida outorgarlle ao medio propio sexan obrigatorias consonte as instrucións fixadas polo ente encomendante e retribuídas consonte as tarifas aprobadas tamén de xeito unilateral pola entidade pública da que dependa.

Do artigo 32 da LCSP xorde unha relación de subordinación entre o ente público encomendante e o ente encargado que fai que nos encargos concurren os requisitos de non suxeición do artigo 7.8 da LIVE. Os servizos prestados polo medio propio á entidade encomendante non se atopan suxeitos naqueles supostos nos que o destinatario dos servizos sexa o ente público do que dependen. Pola contra, estarán suxeitos -no seu caso- os servizos prestados a terceiros. En palabras da propias AEAT e da Dirección Xeral de Tributos, a non suxeición refírese as actividades executadas por entes do sector público na súa condición de medio instrumental, sempre que se realice por un ente ou organismo público en exercicio dunha función pública -organismos autónomos, entidades públicas empresariais, as axencias e as sociedades anónimas públicas-, polo carácter interno das operacións. Non será predicable -a non suxeición- respecto dos servizos prestados a terceiros. En definitiva a non suxeición queda restrinxida aos servizos internos entre encomendante e encomendado.

En relación todo iso algunhas alegacións que suscitan unha posible afectación á competencia. Aínda que en termos xerais non debe obviarse a circunstancia de que este exceso de financiamento -o aforro derivado da non suxeición ao IVE- sobre os custos reais pode ser considerado como axuda pública, o certo é que esa circunstancia é especialmente relevante no suposto de entidades que actúen no mercado -ámbito de prestacións de servizos puramente económicos de cara aos usuarios/consumidores finais- no que dito financiamento é susceptible de ser considerado como perturbador da competencia. Pero neste caso, a non suxeición afecta estritamente ás prestacións internas entre o Concello e TUSSA e non se estende aos usuarios dos servizos que, de feito, deberán soportar o IVE correspondente polos servizos de guindastre e depósito do mesmo xeito que se fosen prestados por calquera outro operador económico no mercado. É dicir, o posible efecto distorsionador da competencia pola non suxeición ao IVE dos servizos encargados -servizos internos entre entes dependentes- queda diluído ao non operar nun ámbito de mercado exterior, senón de cobertura interior de servizos a través de medio propio, a través dunha relación de natureza instrumental, interna, dependente e subordinada, no que o medio propio non debe obter ningún beneficio que non sexa o reembolso estrito dos custos reais nos que incurra na execución do encargo.

O Tribunal de Contas incide nesta cuestión en varios informes e, máis recentemente, na moción nº 1.198, do 22 de decembro do 2016, que lles presentou ás Cortes Xerais sobre a necesidade de desenvolver un axeitado marco legal para o emprego dos encargos de xestión polas Administracións Públicas. O apartado 2.2.9 dese documento -no que aborda o tema do sistema de tarifas para a determinación do prezo das encomendas a medios propios- insiste na necesidade de que as tarifas se calculen exclusivamente en atención aos custes reais de realización do encargo, por tratarse dunha relación interna, derivada dunha operación que non é de mercado.

A xurisprudenza do TXUE e o artigo 12 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello configuran os contratos subscritos por poderes adxudicadores con entidades controladas como de carácter interno pola dependencia organizativa e económica dos medios propios ou entidades controladas. Por outra banda, os propios requisitos da LCSP para os encargos de xestión -ter o carácter de medio propio reconecido nos seus propios estatutos, dispoñer dos medios axeitados para acometer o encargo, que sexan de capital integramente público no caso das sociedades mercantís e que non realicen libremente no mercado máis do 20% da súa actividade- responden á finalidade de someter a máis esixencias este tipo de adxudicacións que poideran menoscabar o principio de libre competencia. Para rematar, o considerando 31º da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sinala que *“No obstante, la aplicación de las normas de contratación pública no debe interferir con la libertad de los poderes públicos para ejercer las funciones de servicio público que le han sido*

conferidas utilizando sus propios recursos, lo cual incluye la posibilidad de cooperación con otros poderes públicos.”

Debe advertirse que a cualificación desta relación interna de servizos entre TUSSA e o Concello como “operacións non de mercado” -en tanto que operacións internas- pode repercutir na calificación/sectorización da empresa pública para os efectos de consolidación das súas contas coas do Concello na avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Ata o de agora TUSSA ten a consideración de entidade do sector público non administrativo do artigo 4.2 do Rd 1463/2007, de 2 de novembro, polo que determina de xeito independente os seus obxectivos de estabilidade e regra de gasto.

O criterio reitor da antedita clasificación -como sector público administrativo ou non administrativo- é a aplicación da norma do 50% para a proba de mercado/non de mercado ao abeiro da ratio ingresos por vendas/custes de produción. Son entidades de mercado as que financien alomenos, o 50% dos seus gastos con ingresos por vendas e non de mercado as que non financien alomenos o 50% dos seus gastos con ingresos por vendas.

Na nota sobre os cambios metodolóxicos de aplicación do novo SEC 2010 que afectan ás contas das Administracións Públicas -publicada o 30.09.2014- a IXAE indica que que no caso de entidades públicas cuxa produción ten como destinatario principal ás Administracións públicas establécese que os seus ingresos só serán considerados como “vendas” de apreciarse que existe concorrencia na obtención dos recursos. Para estes efectos enténdese verificada a concorrencia se media unha licitación con condicións comerciais en competencia con produtores privados –circunstancia que non se da no suposto analizado.

No caso de que a introdución da actividade de grúa e ORA no volume de negocios de TUSSA provoque o cambio da proporción da citada regra do 50%, habería que reconducir a categoría da empresa municipal consonte o artigo 4.1 do Rd 1463/2007, de 2 de novembro, que dispón que as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes de aquelas, que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade definido na Lei de estabilidade orzamentaria. En definitiva deben terse en conta as consecuencias para o Concello, en termos de consolidación de contas, do posible cambio de calificación da empresa mercantil TUSSA no sentido exposto.

Finalmente, entre os cambios introducidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, interesa o da súa DA10ª, apartado terceiro, que modifica o artigo 93.5 da LIVE en canto á tributación dos entes duais, isto é, aqueles que realizan

operacións suxeitas e non suxeitas. Estes poderán deducir as cotas soportadas pola adquisición de bens e servizos destinados simultaneamente á realización dunhas e doutras operacións ao abeiro dun criterio razoable e homoxéneo de imputación das cotas correspondentes aos bens e servizos empregados para o desenvolvemento das operacións suxeitas ao imposto, incluíndose para estes efectos as operacións ás que se refire o artigo 94.un.2º desa Lei. Non serán deducibles as cotas soportadas ou satisfeitas polas adquisicións ou importacións de bens ou servizos destinados exclusivamente á realización das operacións non suxeitas.

Pero o máis relevante desta modificación da LIVE é o previsto no último parágrafo do artigo 93.5: *“O previsto neste apartado non lle será de aplicación ás actividades de xestión de servizos públicos nas condicións sinaladas na letra a) do artigo 78.dous.3º desta Lei”*. Estedispon que non se consideran subvencións vencelladas ao prezo, nin integran en ningún caso o importe da contraprestación a que se refire o apartado un dese mesmo artigo, as achegas dinerarias, sexa cal sexa a súa denominación, que as Administracións públicas realicen para financiar a xestión de servizos públicos ou de fomento da cultura nos que non exista unha distorsión significativa da competencia, sexa cal sexa a súa forma de xestión. A conxunción destes dous preceptos- artigos 93.5 e 78.dous.3º da LIVE-, estase a interpretar pola doutrina –aínda escasa polo recente das modificacións lexislativas- no senso de non considerar entes duais aos entes públicos que desenvolvan actividades relacionadas coa xestión de servizos públicos.

Sexto. Alegacións referidas á natureza dos ingresos procedentes dos usuarios dos servizos e a súa incidencia en materia de IVE

A disposición final duodécima da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, modifica o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, engadíndolle un novo apartado 6 ao artigo 20.

O artigo 20.4 do TRLFL regula supostos nos que as entidades locais poden establecer **taxas por prestación de servizos**, que trala modificación sinalada e nos seus propios termos, pasan a ter natureza de prestacións patrimoniais de carácter público **non tributario**. Non se di nada sobre os supostos de taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público do artigo 20.3 do TRLFL polo que se entende que manteñen a súa natureza tributaria -en tanto que taxas-.

Pola súa banda, o artigo 7.8º.a) da LIVE califica como “operacións non suxeitas” as entregas de bens e prestación de servizos realizadas directamente polas Administracións Públicas, así como as entidades ás que se refiren os apartados C) e D) deste número, sen contraprestación **ou mediante contraprestación de natureza tributaria**. Ese mesmo artigo prevé unha serie de supostos nos que, en todo caso, as operacións están suxeitas ao IVE, entre os que se atopan as de depósito.

Dunha interpretación sistemática dos preceptos citados, e tendo en conta a configuración dos ingresos polos servizos de retirada de vehículos con guindastre e ORA nas ordenanzas fiscais municipais conclúese o seguinte:

- Ingresos ORA configurados como **taxas por ocupación de dominio público** -artigo 20.3 do TRLFL- seguen **non suxeitos ao IVE** porque manteñen a súa natureza tributaria.
- Ingresos por depósito de vehículos configurados como taxas por ocupación de dominio público -artigo 20.3 do TRLFL- expresamente incluídos na listaxe do artigo 7.8º.F) da LIVE de **operacións suxeitas en todo caso -apartado h) almacenaxe e depósito-**.
- Ingresos por servizo de guindastre, configurados como **taxas por servizos** -artigo 20.4 do TRLFL- agora prestacións patrimoniais de carácter público **non tributario**, circunstancia esta última determinante da súa **suxeición ao IVE**.”

VIII. O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do pasado 15 de febreiro, aprobou a “proposición para incluír a posibilidade dun modelo de xestión público e gratuíto de aparcamento de vehículos en rotación na nova memoria económica do servizo da ORA” presentada polo BNG cunha emenda do Grupo Popular cuxo texto é como segue:

“O Concello de Santiago de Compostela incluírá na nova memoria económica do servizo da ORA a posibilidade de que o novo modelo de xestión pública de aparcadoiro de vehículos en rotación non implique o cobro ás persoas usuarias, achegando un informe municipal sobre a repercusión que esta medida poida ter na sustentabilidade financeira do Concello ou de Tussa e na fiscalidade local”.

No decurso do debate aclarouse que o obxecto da proposición non estaba incluído nas alegacións polo que non puido ser considerado nos informes do director da asesoría xurídica e da directora de réxime interior que ademais xa foran elaborados con datas 5.02.2017 e 8.02.2017.

Consonte con esa proposición o goberno municipal presentará ante o consello de administración de TUSSA un plan sobre a posibilidade de implantar con carácter experimental un sistema de aparcamento rotatorio gratuíto.

Polo exposto, propóñolle ao Pleno da Corporación:

Primeiro. Estimar parcialmente as alegacións presentadas no trámite de información ao público na medida en que resulta dos informes do director da asesoría xurídica e da directora de réxime interior do 5.02.2017 e do 8.02.2017 incorporados ao expediente.

Segundo. Aprobar definitivamente o texto refundido da memoria técnica para asumir directamente a xestión dos servizos da ORA e do guindastre como encargo a medio propio á sociedade mercantil municipal TUSSA.

Terceiro. O goberno municipal presentará ante o consello de administración de TUSSA un plan sobre a posibilidade de implantar con carácter experimental un sistema de aparcamento rotatorio gratuito.”

Con respecto á anterior proposta transcrita emite informes intervención con data de 5 e 9 de marzo do corrente ano, e que teñen o seguinte contido:

Informe de 5 de marzo de 2018, núm. 92/2018.-

“**ASUNTO:** Proposta de aprobación definitiva da Memoria de asunción directa da xestión dos servizos de ORA e Guindastre, condicionada a modificación dos orzamentos da corporación e de TUSSA para adaptalos a nova forma de xestión

ANTECEDENTES

Antecedentes obrante no expediente que deu orixe ao e Acordo do Pleno do Concello de data 17/ 05 / 2107

Informe de Intervención previo ao acordo plenario (informe nº 223 / 2017 de data 8 de maio de 2017 e nota aclarativa ao mesmo de a 9 de maio de 2017)

Alegacións presentadas no período de exposición ao público derivado do acordo plenario de data 17 / 5 / 2017

Informe sobre as alegacións efectuado polo Sr. director da asesoría xurídica do Concello de data 5 de febreiro de 2018

Informe de data 8 de febreiro de 2018 sobre as alegacións asinado pola Sra. directora de área de réxime interior

Proposta de aprobación definitiva da Memoria de asunción directa da xestión dos servizos de Ora e Guindastres de data 28 de febreiro de 2018 . A proposta incorpora a seguinte documentación adicional:

- 1) Un Anexo XXIV co título “ENCARGO DE EXECUCIÓN DOS SERVIZOS DA ORA E GUINDASTRE E XEUSTIFICACIÓN ECONÓMICA DA COMPENSACIÓN DO CONCELLO A FAVOR DE TUSSA”
- 2) Un Anexo XXVII co título “PREVISIÓN DE MEDIOS MATERIAS CEDIDOS POLO CONCELLO”
- 3) Un Anexo XXVIII. “PARCELAS PARA DEPÓSITO”

4) E un último documento o único con sinatura: “EXPLICACIÓN SOFTWARE ORA E GUINDASTRE”

LEXISLACION APLICABLE

- Lei 7/ 85 reguladora das bases de réxime local e R/D 781 / 86 de 21 de abril
- R/D lexislativo 2/ 2004 de 5 de marzo do Texto refundido da Lei de facendas locais
- Lei 3/2017 de 27 de xuño de Orzamentos xerais do Estado
- Normativa reguladora aplicable no intre de materializar a encomenda : lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público

Visto o establecido na lexislación vixente na materia,se emite o seguinte

INFORME

Analizados os anexos que se xuntan se entende que:

- O Anexo XXIV deberá substituír ao do mesmo número que se xuntaba a Memoria
- O anexo XXVII se debe entender novo -non consta valoración dos elementos nin a titularidade actual do Concello sobre eles que se debe entender no contexto do expediente incoado para a liquidación do contrato extinto ca empresa SETEX (proposta de data 27 de febreiro de 2018 asinada polo Sr. concelleiro delegado de medio ambiente e convivencia.
- O anexo XXVIII é novo e se deberá poñer en relación co anterior Anexo XIII denominado “Informe do director da área técnica de desenvolvemento urbano, de data 30 de agosto de 2016, sobre dispoñibilidade das parcelas municipais para uso como depósito” pese a gardar a mesma referencia catastral que se subliñaba na páxina 52 da memoria. A simple vista a non coinciden os metros cadrados, compraría a aclaración de si o anexo neste caso o XXVII substitúe ao XIV e se son as mesmas parcelas, en caso contrario engadir o informe de dispoñibilidade que antes se incluía ca sinatura do director de área. (na memoria que se achega non se fai alusión a dito anexo XXVIII na descrición das parcelas a ceder -páx 52 da memoria-)

Ningún dos Anexos referidos deu orixe a modificación do único “cadro comparativo” que contén a memoria entre a forma de xestión a través da sociedade TUSSA e a través do extinguido xa contrato de concesión (cadro –resumo páxina 60 da memoria).

Non se achegan novos cadros nin táboas (táboa 1 a 10) incluídos na anterior memoria que deu orixe ao informe da Intervención nº 22 3/2017 de data 8 de maio.

A Táboa nº 9 “*Conta de resultados proxectada a 15 anos*” se entende de TUSSA, recolle como importe da cifra de negocios a confía integra dos ingresos reflectidos na páxina 60 da memoria como recadación por ORA e GRUA que corresponderían ao Concello. A empresa TUSSA lle correspondería os ingresos derivados da retribución que facture ao Concello.

Polo exposto, a Intervención do Concello non dispón de novos datos que permitan mudar o contido substancial do xa informado é dicir :

a) Non consta expresamente na memoria a avaliación dos modelos de xestión alternativos aos que se refire textualmente o artigo 85 do TRLBRL. Tan só se achegan comparativa dos modelos de xestión a través da sociedade TUSSA co modelo de xestión do contrato xa extinguido e declarado nulo. a este respecto nos remitimos ao exposto no punto 2 do artigo 85 do TRLBRL ao respecto do modo de xestión a través de Entidade Pública empresarial local e Sociedad mercantil local, cuyo capital social sea de titularidad pública. (letras c e d) do punto 2 do citado artigo 85) que reproducimos:

*“Solo podrá hacerse uso de las formas previstas en las letras c) y d) cuando quede acreditado mediante memoria justificativa elaborada al efecto que resultan **más sostenibles y eficientes que las formas dispuestas en las letras a) y b)**, para lo que se deberán tener en cuenta los criterios de **rentabilidad económica y recuperación de la inversión.....**”*

Damos por reproducido neste informe o contido integro punto 2.1 do informe de intervención nº 223 / 2017 que consta no expediente.

Por considerar relevante, reproducimos ao respecto das comparativas afloradas na memoria, e concretamente sobre a sostenibilidade e eficiencia en termos de rendabilidade económica e recuperación do investimento o que no informe da Sra. directora de área de data 8 de febrero de 2018 se di ao respecto:

“.... O mantemento do servizo en condicións de mínima solvencia –sen modificar o importe das tarifa – a aboar polos usuarios – pasa necesariamente por adoptar as medidas que permitan reverter a tendencia baixista da retirada de vehículos posta de manifesto nos últimos tempos , e achegar ao umbral mínimo de 7.000 vehículos , ou reducir os compoñentes de custes fixos , “ (páxina 8) e engade “ ... coa dificultade que iso conleva tendo en conta que no esquema actual os custes de persoal rondan o 80 % do total , o que reconduce ao redeseño e reestructuración do propio

servizo, a medida en que as circunstancias xurídico-laborais, e a evolución da demanda e do desenvolvemento das actividades o permitan .“

O informe continua advertindo que o mantemento do escenario actual en canto a retirada de vehículos afecta a “ ... *capacidade de financiamento do Concello en materia de cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria* “

Por último na páxina 13 do mesmo informe se alude a posibilidade de que a Sociedade TUSSA, incumpra os requisitos que fan que teña a consideración de “entidade do sector Público non administrativo” a efectos SEC, xa que a incorporación da facturación ao Concello derivada da actividade de “grúa e ora” pode provocar o incumprimento da regra do 50% de ingresos de mercado necesaria.

Todo o que se informa pola Sra. directora da área, ten consecuencias directas na sostenibilidade das contas Municipais e no cumprimento do principio de estabilidade a que está sometido na actualidade por imperativo da lei de estabilidade.

A estes efectos e polo que fai ao establecido no artigo 4 da LOEP (punto 2.3 do informe de intervención) se manteñen as limitacións ao mesmo (páxina 8) a matización da limitación derivada de “posibles indemnizacións” en materia de laboral si definitivamente se incorporase ao persoal ca categoría de laboral fixo a “extinguir” como parece soste o informe da asesoría xurídica(páxina 17 parágrafo terceiro) e facendo fincapé na necesidade de incorporar un estudo comparativo da eficiencia das distintas modalidades de xestión do servizo tanto do contrato xa extinguido, como as súas posibles alternativas, transparentando a eficiencia que non compre xustificar en termos xurídicos senón con fórmulas de cálculo que permitan a súa comparación por medio de índices ou coeficientes susceptibles de comparación.

2) O informe do Sr. director da asesoría xurídica de data 5 de febreiro de 2018, na páxina 20, di con respecto a subrogación de persoal:

*“.... En definitiva , á vista da extraordinaria complexidade da cuestión non se pode garantir que á subrogación do persoal afectado –obrigada ex artigo 44 do ET e a Directiva europea antedit – non lle sexan aplicables as limitacións que literalmente se **desprenden** da DA26ª da LOXE / 2017 e a Corporación terá que avaliar, cos datos e consideracións que modestamente se aportan, cal sexa a decisión máis adecuada para o interese público”.*

A intervención do Concello mantivo informe de reparo sobre esa incorporación no anterior informe de intervención páxina 10 no que se dicía textualmente:

“... A xuízo de intervención o acordo de incorporación do persoal , que no caso que nos ocupa non se deprende dunha sentenza xudicial firme declarando a obrigada subrogación, deberá someterse aos límites de legalidade financeira e de reposición de efectivos que estableza a lei de orzamentos ...”

Consta no expediente tamén informes da xefa de servizo de persoal - informe de data 27 de febreiro de 2017 no que se conclúe:

“ ... A decisión sobre a modificación do sistema de xestión dos servizos de grúa e ORA, tanto se decide xestionar directamente pola propia entidade local como se fia por medio de sociedade mercantil con capital integramente local - TUSSA- estará en todo caso condicionado polo contido da lei de orzamentos aplicable ó exercicio económico no que se adopte. Na actualidade o incremento de plantilla (ou a sucesión de empresa no seu caso) non é posible, por estar condicionado á taxa de reposición de efectivos ...”

A disposición adicional 26 da lei 3/2017 de data 27 de xuño que literalmente establece:

“Limitaciones a la incorporación de personal laboral al sector público

Uno. Con efectos desde la entrada en vigor de esta Ley y **vigencia indefinida**, las Administraciones Públicas del artículo 2 del texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, no podrán considerar como empleados públicos de su artículo 8, ni podrán incorporar en dicha condición en una Administración Pública o en una entidad de derecho público:

a) A los trabajadores de los contratistas de concesiones de obras o de servicios públicos o de cualquier otro contrato adjudicado por las Administraciones Públicas previstas en el artículo 2.3 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, cuando los contratos se extingan por su cumplimiento, por resolución, incluido el rescate, o si se adopta el secuestro o intervención del servicio conforme a la legislación de contratos del sector público que resultase aplicable a los mismos.

b) Al personal laboral que preste servicios en sociedades mercantiles públicas, fundaciones del sector público, consorcios, en personas jurídicas societarias o fundacionales que vayan a integrarse en una Administración Pública.

Al personal referido en los apartados anteriores le serán de aplicación las previsiones sobre sucesión de empresas contenidas en la normativa laboral.

Dos. En aquellos supuestos **en los que, excepcionalmente, en cumplimiento de una sentencia judicial, o previa tramitación de un procedimiento que garantice los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, el personal referido en**

el apartado 1.a) anterior sea incorporado a sociedades mercantiles públicas, las incorporaciones que se produzcan de acuerdo con lo previsto en este apartado, no se contabilizarán como personal de nuevo ingreso del cómputo de la tasa de reposición de efectivos.

Tres. Lo establecido en esta disposición adicional **tiene carácter básico y se dicta al amparo** de lo dispuesto en los artículos 149.1. 13.^a y 18.^a, así como del artículo 156.1 de la Constitución”.

Polo exposto, o informe de intervención é de disconformidade e reparo no referente á subrogación do persoal da concesionaria e a súa incorporación ao Concello e/ ou a Sociedade TUSSA por entender que contravén o establecido na lexislación de aplicación **que ten carácter básico e vixencia indefinida**, o que manifestamos aos efectos establecidos no artigo 215 e seguintes do TRLFL, entendendo que a posibilidade legal de incrementar a plantilla é elemento esencial da reinternalización do servizo , todo elo con independencia de que a subrogación proceda ou non pola existencia/ inexistencia de sucesión empresarial de TUSSA, tema sobre o que nos manifestamos na páxina 8 do anterior informe e sobre o que compre agora volver dado que os elementos materias para a prestación se entregarán a TUSSA non directamente pola empresa senón unha vez que sexan propiedade do Concello de Santiago e éste en todo caso os adscriba a sociedade por calquera título o que pode facer mudar a posición xurídica do ente sucesor.

3) No informe anterior de intervención xa mencionado, en concreto no punto 2.2 se reflectían certas incidencias que ao noso entender afectaban a comparativa introducida na memoria en concreto temos que mencionar que: no punto **2.2 letra a)** Se facía mención a inexactitudes na comparativa pola non introducción da “retribución ou Tarifa” de TUSSA polo servizo prestado ao Concello, como elemento novo sobre a memoria, consta no informe da directora de área a **necesidade de incorporar dita retribución**, eso si, en aplicación das recomendacións expostas polo Tribunal de contas no informe 1003 se deixa claro que a hipótesis será a de non incorporar marxe de beneficio algún a Sociedade, tan só as marxes que poda xustificar de xeito individualizado o que ten consecuencias na necesidade de financiamento adicional da sociedade.

No punto **2.2 letra b)** se incorpora no informe da directora de área a suxección ao IVE nos supostos do artigo 7 apartado 8 da lei do IVE, e a non incorporación de IVE da facturación dos servizos de TUSSA ao Concello, así como os supostos de suxección ao IVE dos ingresos que percibirá o Concello.

O IVE será de imposible dedución para o Concello, e entendemos que tampouco a sociedade poderá deducir o IVE soportando por esta actividade pola que non percibe ingresos con IVE. O efecto do aforro do gasto orzamentario municipal en concepto de

IVE, ten un efecto contrario na eficiencia do servizo pola imposible dedución do IVE soportado, cumpriría, ao noso xuízo, incorporar no estudo da eficiencia os efectos impositivos tanto na sociedade como no Concello de tal xeito que se clarifiquen os seus efectos comparativamente nas distintas formas de xestión.

No referente ao **punto 2.2 letra c)** se acepta no mesmo informe a inexistencia de homoxenidade da que falaba o informe de Intervención.

A memoria non incorpora alteración ou afectación nos cadros que amosan os resultados económicos dos modos de xestión comparados (xestión indirecta e TUSSA).

4) Polo que fai ao informe de Intervención **sobre a sostenibilidade das propostas** analizadas na memoria, nos referimos ao exposto no punto 3 do informe nº 223 / 2017 de data 8 de maio de 2017 ao respecto dos efectos na regra do gasto, na sostenibilidade en canto ao nivel de endebedamento se deberá entender referido ao último informe de intervención nº 1.021/2017 no que se conclúe que o rateo de endebedamento da débeda prevista no exercicio 2018 incluída a sociedade TUSSA ascende a 44,28%, incluíndo o novo endebedamento que se deduce da memoria 1, 169.068,47 euros -páxina 53- o rateo ascende a 45,63% por debaixo do límite legal, que non obstante se deberá actualizar cos datos derivados da liquidación do orzamento do exercicio 2017: A xestión indirecta non ten efectos no nivel de endebedamento municipal. Polo que fai aos efectos na estabilidade engadir tan só a incerteza que se deriva dos ingresos estimados na memoria (recollida de vehículos, nos termos expostos do informe da Sra. directora de área).

A rixidez da incorporación de persoal que se derivaría da xestión directa que se propón do servizo imposibilita/e ou engade custes adicionais ao necesario redimensionamento do servizo para mitigar o efecto derivado na inestabilidade por afloramento do déficit do servizo (constatado no informe de control financeiro) sen o consecuente incremento compensatorio das tarifas.

Por último, no punto terceiro da proposta se plantexa a apertura dun proceso de análise de implantación dun sistema de aparcamento rotatorio que implicará un novo descenso no nivel de ingresos en concepto de ORA e que afectará a sostenibilidade da proposta.

CONCLUSIÓNS

- Non se incorporan na memoria novos datos ou análises económicos nin rectificacións, incorporacións e/ ou modificacións, que acrediten con maior nivel de detalle que resulta máis sostible e eficiente a xestión a través de TUSSA que a través doutros modelos de xestión nos termos concretos requiridos no artigo 85 do TRLFL

para o que preceptivamente se deben ter en conta criterios de rendabilidade económica e recuperación do investimento o que se manifesta no uso das facultades atribuídas a intervención de fondos, o que deberá subsanarse no expediente.

- O informe de intervención que consta no expediente valora os efectos da sostenibilidade das propostas analizadas na memoria, este informe se mantén en idéntico senso ao xa emitido (informe 223/2017) ca introducción do risco asociado ao déficit de ingresos en relación aos gastos que deberá soportar o propio orzamento do Concello e que afectará a estabilidade orzamentaria.

- A xestión directa por TUSSA ou polo propio Concello se atopa co impedimento legal ao noso xuízo derivado do establecido na disposición adicional 26 da Lei 3/2017 de 27 de xuño, que ten carácter básico e vixencia indefinida, como se deduce da súa propia literalidade, polo que a aprobación dunha modificación de plantilla para subrogar ao persoal sen que medie unha sentenza xudicial firme, é motivo de reparo expreso desta intervención de conformidade co establecido nos artigos 215 e seguintes do TRLFL. Dito doutro modo, a posibilidade legal de subrogación sen unha sentenza xudicial firme e, ao noso xuízo, elemento esencial para reinternalizar o servizo. Neste senso o inform xurídico que obra no expediente logo de analizar profusamente esta situación sinala “....non se pode garantir que á subrogación do persoal afectado ... non lle sexan aplicables as limitacións que literalmente se desprende da DA26ª da LOXE /2017...”.

Informe de 9 de marzo de 2018.-

“INFORME DE INTERVENCION: CARÁCTER DO/S INFORMES INCLUÍDOS NO EXPEDIENTE PARA A APROBACIÓN DA XESTIÓN DIRECTA DO SERVIZO DE GRÚA; GUINDASTRE E ORA

Os efectos dos **REPAROS** que manifesta a Intervención en uso das competencias a ela atribuídos, **só poden**, por imperativo legal (artigo 216 do TRLFL) ter efectos **SUSPENSIVOS** no caso de que os mesmos afecten a “disposición de gastos, recoñecemento de obrigas ou ordenación de pagos”.

O artigo 56 do R/D 500/1990 de 20 de abril establece que:

“Artículo 56

1. La disposición o compromiso es el acto mediante el cual se acuerda, tras el cumplimiento de los trámites legalmente establecidos, la realización de gastos, previamente autorizados, por un importe exactamente determinado.

2. La disposición o compromiso es un acto con relevancia jurídica para con terceros, vinculando a la Entidad local a la realización de un gasto concreto y determinado tanto en su cuantía como en las condiciones de ejecución.”

- O acordo administrativo que se deriva do establecido no artigo 85 da LBRL é un acordo de aprobación dunha forma concreta de xestión do servizo, ese tipo de acordo non é en sentido estrito e literal unha disposición ou compromiso de gasto tal e como se define no artigo 56 do R/D 500/1990 de 20 de abril. Implicará, iso si, compromisos de gastos a curto e medio prazo para o orzamento do Concello afectados polos reparos emitidos, que no seu caso implicarán reparos suspensivos deses compromisos e obrigas.

-O encargo de xestión a medio propio, (neste caso a TUSSA) é obxecto de regulación concreta no artigo 32 da “Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público”, e require unhas formalidades concretas nel establecidas que, unha vez cumprimentadas, si determinan un compromiso de gasto nos termos antes referidos - artigo 56 do R/D 500/1990-. A ditos efectos compre manifestar que TUSSA non dispón no intre actual dos medios propios necesarios (materiais e persoais) para levar a cabo o citado encargo.

Deberá pois, clarificarse mediante previo informe xurídico sobre si o contido da proposta que se somete a aprobación implica a do propio expediente de “encargo de xestión” concreto ao medio propio referido ca integridade dos requisitos procedimentais regulados no artigo 32 da nova lei 9/2017 de 8 de novembro entre os que están a aprobación explícita das tarifas a favor de TUSSA, e a conseguinte aprobación dun compromiso de gasto a favor da dita sociedade que tan só, quedaría condicionado a aprobación definitiva do crédito orzamentario de cobertura.

CONCLUSIÓN:

Si a proposta que se somete a votación pon fin ao expediente de “encargo de xestión a medio propio” regulado no artigo 32 da lei 9/2017; implica, a xuízo de quen subscribe, un compromiso de gasto a favor da sociedade TUSSA contra o orzamento do Concello, e os reparos da Intervención, teñen os efectos SUSPENSIVOS derivados da asunción dunha disposición ou compromiso do gasto contra o orzamento do Concello baseado nos seguintes fundamentos:

- A asunción de gastos polas administracións públicas está sometida ao principio de legalidade nos termos establecidos no artigo 133.4 da CE e as obrigas de pago da facenda local só serán exixibles nos termos previos que se establece no artigo 173 do TRLFL. Deste xeito, a asunción de gastos contra o orzamento do Concello que traen causa dun incumprimento previo da vixente normativa básica establecida na lei de

orxamentos xerais do Estado nos termos expostos no informe de intervención, vixencia normativa que tamén se outorga no informe da secretaria do pleno de data 8 de marzo de 2018; é obxecto de REPARO SUSPENSIVO da intervención de acordo co establecido no artigo 216 punto 2 letra c) do TRLFL. ao carecer o expediente de requisitos ou trámites esenciais que dean cobertura a sunción dese compromiso de gasto.

Por último, de acordo co previsto no artigo 217 do TRLFL cando o órgano que propón o gasto non este de acordo con reparo de Intervención, formulará discrepancia, correspondendo ao Pleno a resolución das discrepancias cando se refira a disposición de gastos que sexan da súa competencia.”

Así mesmo, con data 8 de marzo do corrente ano, tamén emite informe sobre a modificación da prestación de servizo, o secretario xeral do pleno.

En relación ao informe de intervención de data 9 de marzo, o director da Asesoría Xurídica emite o seguinte informe con data 12 de marzo:

“Con relación ao novo informe de Intervención do 9.03.2018 no procedemento de asunción da xestión directa dos servizos de ORA e do guindastre, do que recibín copia esta mañá, en cumprimento do interesado pola Alcaldía, expoño:

1º) Ao meu xuízo, non procede a “clarificación” que se lle solicita á Asesoría xurídica sobre se a proposta de aprobación definitiva do citado procedemento “implica a do expediente de encargo de xestión concreto ao medio propio” (TUSSA). É evidente que a decisión sobre o cambio de forma de xestión dos servizos -da xestión indirecta á directa- ex artigos 85 LBRL e 97 TRRL esixe especificar a modalidade (neste caso, por sociedade mercantil local) e concretar na proposta, na memoria e os estudos previos, o mecanismo legal a través do que se articula (neste caso, o encargo de xestión a medio propio), de forma que ademais se poida xustificar a eficiencia económica e sustentabilidade financeira da alternativa. A competencia do Pleno é sobre a operación globalmente considerada e sería inadmisíbel substraerlle á Corporación a través dunha artificiosa disociación a decisión sobre “encargo a medio propio” que vai ínsito na modalidade de xestión escollida.

2º) En canto ao motivo do reparo -a presunta vulneración da DA26ª da LOXE/2017 pola subrogación por TUSSA do persoal adscrito aos servizos sen que medie sentenza xudicial firme- ratifico as conclusións do apartado 4 das consideracións xurídicas do meu informe do 5.02.2018 (“4. As cuestións referentes á subrogación dos traballadores adscritos ao servizo”) e reitero que a cuestión, pola complexidade creada arredor dela, é susceptible de diversas interpretacións xurídicas pero, ao meu xuízo, a máis coherente e respectuosa coa autonomía municipal constitucionalmente garantida e coa normativa

européa sobre protección da estabilidade dos traballadores é a que leva a aplicar, en relación do artigo 44 ET, a regra do artigo 130.3 da nova LCSP: “3. *No caso de que unha Administración Pública decida prestar directamente un servizo que ata a data viña sendo prestado por un operador económico, virá obrigada á subrogación do persoal que o prestaba se así o establece unha norma legal, un convenio colectivo ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral.*”

A alcaldía emite nova proposta con data 13 de marzo do corrente ano, de discrepancia co reparo de intervención no referido expediente, e que ten o seguinte contido:

“DISCREPANCIA CO REPARO DE INTERVENCIÓN NO EXPEDIENTE DE ASUNCIÓN DA XESTIÓN DIRECTA DOS SERVIZOS DE ORA E GINDASTRE

A Intervención municipal emitiu informe no antedito expediente con data 5.03.2018 no que conclúe que a xestión directa que se propón vulnera o establecido na DA26ª da LOXE/2017 en canto conleva unha subrogación de persoal sen que medie sentenza xudicial firme, polo que opón reparo de conformidade cos artigos 215 e seguintes do TRLFL.

No día de onte a Intervención entrega un segundo documento con data 9.03.2018 no que sinala que

“Se a proposta... pon fin ao expediente administrativo de encargo de xestión a medio propio.. (iso) implica, a xuízo da que subscribe, un compromiso de gasto a favor de TUSSA... e os reparos de Intervención teñen efectos suspensivos... baseado (neste caso concreto) ... no incumprimento da normativa básica establecida na Lei de orzamentos xerais do Estado nos termos expostos, vixencia normativa que tamén se outorga no informe de Secretaría do 8.03.2018... de acordo co establecido no artigo 216.2.c) do TRLFL.”

O artigo 217 do TRLFL dispón que cando o órgano ao que lle afecte o reparo non estea de acordo con el, corresponderalle a resolución da discrepancia ao Pleno da Corporación de se referir aquel a obrigacións ou gastos de competencia deste.

Á vista do anterior, propónselle ao Pleno da Corporación que resolva a discrepancia con base en que a causa alegada pola Intervención (a presunta vulneración da DA26ª da LOXE/2017 coa subrogación por TUSSA do persoal laboral adscrito aos servizos obxecto de decisión) non é asumible xa que, como sinalan os informes da Asesoría xurídica- a citada cuestión, pola súa complexidade, é susceptible de diversas interpretacións xurídicas e a proposta axústase á máis coherente co respecto á autonomía local constitucionalmente garantida e co cumprimento da normativa europea

sobre protección da estabilidade dos traballadores, circunstancia que por certo recoñecía a propia Intervención municipal no seu informe do 8.05.2017 no que concluía

“... tal limitación (*da subrogación do persoal*) implica de feito a afectación ao principio de autonomía municipal en canto á elección da forma de prestación de servizos, como recolle o informe da Asesoría xurídica.”

Polo exposto, propóñolle ao Pleno da Corporación que resolva a discrepancia suscitada con relación ao citado reparo suspensivo e o levante.”

Á vista das propostas da Alcaldía transcritas, e demais documentación que obra no expediente, e do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos de data 12 de marzo do corrente ano, o Pleno da Corporación acorda:

1º.- En canto ao levantamento do reparo suspensivo da intervención municipal, por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), e 12 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), ao producirse empate procédese a unha segunda votación onde se reproduce o mesmo resultado, e decidíndoo alcalde co voto de calidade a favor do levantamento, levántase o reparo suspensivo feito por intervención no seu informe de data 9 de marzo do corrente ano.

2º.-Tras ser aceptada unha emenda transaccional feita in voce polo grupo municipal do BNG, por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), 3 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 9 votos en contra dos/as concelleiros e concelleiras do grupo municipaldo Partido Popular, acorda:

Primeiro.- Estimar parcialmente ás alegacións presentadas no trámite de información ao público na medida en que resulta dos informes do director da asesoría xurídica e da directora de réxime interior do 5 e do 8 de febreiro do corrente ano, incorporados ao expediente.

Segundo.- Aprobar definitivamente o texto refundido da memoria técnica, para asumir directamente a xestión dos servizos da ORA e do guindastre como encargo a medio propio á sociedade mercantil TUSSA.

Este acordo está condicionado á aprobación definitiva do expediente modificativo de crédito, así como a materialización efectiva do encargo de xestión á empresa TUSSA,

unha vez se proceda á recuperación da maquinaria polo concello que logo se deberá por a disposición da empresa municipal TUSSA.

Terceiro.- O goberno municipal presentará ante o Consello de Administración de TUSSA un plan sobre a posibilidade de implantar con carácter experimental un sistema de aparcamento rotatorio gratuíto.

4. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2018-CREXT-01 DO ORZAMENTO DO ANO 2018 POR IMPORTE DE 1.428.113,30 €, FINANCIADO CON NOVOS INGRESOS PROCEDENTES DAS TARIFAS ABOADAS POLOS USUARIOS DOS SERVIZOS DA GRÚA E DA ORA.

O informe-proposta de data 28 de febreiro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“Jesús Noya Liste, en calidade de técnico da Oficina de Orzamentos, en virtude do art. 175 do ROF, teño a ben de emitir o seguinte,

INFORME-PROPOSTA:

ASUNTO:EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CO NÚMERO 2018-CREXT-01 DE IMPORTE 1.428.113,30 EUROS.

De conformidade co establecido no 37.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, redáctase a presente memoria xustificativa da necesidade de aprobación dun expediente de modificación de crédito, na modalidade de crédito extraordinario, motivada no seguinte asunto que se pasa a detallar.

EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2018-CREXT-01 PARA HABILITAR CRÉDITO ORZAMENTARIO NA APLICACIÓN 060.13300.22799 CO GALLO DA REINTERNALIZACIÓN -ASUNCIÓN XESTIÓN DIRECTA- DOS SERVIZOS DE RETIRADA DE VEHÍCULOS CON GUINDASTRE E ORA FINANCIADO CON INGRESOS PROCEDENTES DAS TARIFAS ABOADAS POLOS USUARIOS DOS ANTEDITOS SERVIZOS -NOVOS INGRESOS NO SUBCONCEPTO 326.00 POR IMPORTE DE 373.721,28 € E NO SUBCONCEPTO 330.00 POR IMPORTE DE 1.054.392,02 €-.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación, na sesión do 15.12.2016, acordou o inicio do procedemento de asunción da xestión directa do servizo de guindastre e ORA a través da empresa mercantil TUSSA -de capital integramente municipal-.
- O 26.12.2016 constituíuse a comisión técnica para elaborar a memoria prevista nos artigos 97 do TTRL e 309 da LALG o 26.12.2016. Nas reunións da antedita comisión celebradas os días 23.03.2017 e 07.04.2017 debateuse sobre borradores da memoria, así como sobre documentos e informes a ela incorporados. Na sesión do 10.04.2017 danse por rematados os traballos relacionado coa elaboración da memoria xustificativa do proceso, que quedou inicialmente aprobada por acordo plenario do 17.05.2017.
- No BOP nº 104, do 05.06.2017, publicouse anuncio de exposición ao público do antedito documento. No período sinalado ao efecto presentaron alegacións D. Javier Sueira Canedo, D. Xesús Domínguez Domínguez, D. Francisco Reyes Santías, D. Rubén Cela Díaz e a empresa SETEX APARKI, S.A.
- O 05.02.2018 e 08.02.2018 emitiron cadanseus informes sobre as alegacións o Director da asesoría xurídica municipal e a Directora da área de réxime interior.
- Finalmente, no Pleno ordinario previsto para o vindeiro 15.03.2018 someteranse a resolución as alegacións e a aprobación definitiva, no seu caso, do expediente.
- Proposta da xefe do servizo de mobilidade e seguridade e do Concelleiro de Medio Ambiente, Convivencia e Informática de data 28.02.2018

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O esquema de financiamento do encargo da xestión dos servizos de guindastre e ORA á empresa municipal TUSSA -medio propio- artéllase a través da facturación que a antedita empresa lle remita ao Concello polos servizos efectivamente prestados e consonte as tarifas aprobadas polo propio Concello en tanto que entidade matriz da que depende TUSSA.

Por outra banda, e en coherencia coa dinámica do encargo de xestión planeado nos termos do artigo 32 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014 -LCSP, en diante-, os ingresos derivados das tarifas aboadas polos usuarios son de titularidade municipal e, en tal concepto, deben quedar imputados no estado de ingresos do orzamento do Concello.

En resumo, e polo que agora interesa para a xestión orzamentaria, as facturas que TUSSA lle emita ao Concello supoñen un gasto orzamentario a rexistrar no capítulo 2 do estado de gastos, na aplicación 060.13300.22799, e os ingresos procedentes das tarifas dos usuarios producirán un ingreso orzamentario nos subconceptos 326.00 polos servizos de retirada con guindastre e depósito e 330.00 polas tarifas da ORA.

Como indica a propia proposta do centro xestor, no intre da elaboración do orzamento municipal para o exercicio 2018 non se consideraron estas circunstancias o que determina a súa incorporación posterior a través dunha modificación orzamentaria - crédito extraordinario-.

Con base ao antedito e co obxectivo de que o orzamento xeral do ano 2018 recolla o importe preciso para facer fronte aos gastos derivados da nova forma de xestionar os servizos de retirada de vehículos con guindastre e ORA -xestión directa a través de TUSSA- é necesaria a aprobación dunha modificación orzamentaria proposta modalidade de crédito extraordinario de contía **UN MILLÓN CATROCENTOS VINTE E OITO MIL TRESCIENTOS TRECE CON TRINTA EUROS (1.428.113,30 €)**, co obxecto de habilitar de crédito no orzamento 2018 na aplicación orzamentaria 060/13300/22799 financiado con novos ingresos procedentes das tarifa a aboar polos usuarios dos servizos ao longo deste exercicio 2018 polo mesmo importe.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada nos artigos 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL, 35 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como no artigo 13 das Bases de execución do Orzamento 2018. Ao abeiro desta normativa enténdese por crédito extraordinario aquela modificación mediante a que se asigna crédito para financiar un gasto específico e determinado que non poda demorarse ata o exercicio seguinte e para a que non exista crédito.

Tocante á cuantificación e circunstancias da necesidade de crédito, e por extensión, á concorrencia dos elementos xustificativos dos créditos extraordinarios, a proposta remitida polo Servizo de Mobilidade e Seguridade sinala o seguinte, que reproduce no esencial:

“Polas características da actuación, e sen prexuízo do criterio que manteñan ao respecto os servizos económicos municipais, semella que procedería tramitar un crédito extraordinario no capítulo 2 do orzamento de gastos, financiado cos novos ingresos das tarifas dos usuarios -en tanto que non previstos nos estados iniciais do capítulo 3-.

Os artigos 177 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais -TRLFL, en diante- e 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, definen os créditos extraordinarios como as modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar

un gasto específico e determinado que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non exista crédito.

*Tocante á **especificidade e determinación do gasto** proposto, como xa se indicou, trátase de atender o encargo de xestión á empresa municipal TUSSA dos servizos de retirada de vehículos con guindastre e da ORA nos termos expostos.*

*Tocante á súa **inmediatez –sen posibilidade de demora ata o exercicio seguinte–**, esta ven motivada polas circunstancias contractuais dos servizos, cun prazo de vencemento próximo, que cómpre atallar –neste caso a través da súa asunción directa polo Concello- sen prescindir deles en cumprimento do artigo 7 do Real Decreto lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, que dispón que lles corresponde aos municipios, entre outras cuestións, o establecemento de medidas de estacionamento limitado para garantir a rotación dos aparcamentos, a inmovilización de vehículos en vías urbanas cando non dispoñan de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan da autorización concedida ou a retirada de vehículos das vías urbanas e interurbanas e o seu posterior depósito cando obstaculicen, dificulten ou supoñan un perigo para a circulación, ou se atopen incorrectamente aparcados nas zonas de estacionamento restrinxido.*

*Consonte aos datos que obran na memoria que soporta o expediente de reinternalización dos servizos de guindastre e ORA –apartado “réxime de financiamento dos servizos” do anexo XXIV-, estímase que a facturación de TUSSA e, consecuentemente, os gastos para o Concello neste concepto no que queda de exercicio acadan os **1.428.113,30 €** -para o período abril-decembro 2018, ambos incluídos-. Pola súa banda, e tamén tendo en conta os estudos económicos daquela memoria, previuse unha recadación derivada das tarifas a aboar polos usuarios de 1.949.308,08 € anuais que, aplicando o mesmo criterio temporal tido en conta nos gastos –considerar o que falta ata o remate do ano- farían un total de 1.461.981,06 € - de abril a decembro do 2018, ambos incluídos. Tocante a este último dato –estimación de ingresos- e consonte a un criterio de prudencia, para os efectos de tramitar este modificativo, considerárase unha previsión de ingresos axustada ao nivel de gasto imputable ao vixente orzamento, é dicir **1.428.113,30 €**.”*

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.

- b) Por conta de **novos** ou maiores **ingresos** efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Polas características e deseño das actuacións, e consonte a proposta remitida polo centro xestor, a fonte de financiamento do crédito extraordinario son os novos ingresos -non previstos inicialmente no orzamento municipal para o exercicio 2018- derivados das tarifas a aboar polos usuarios dos servizos.

En cumprimento do disposto no artigo 37.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, debe verificarse que o resto dos ingresos se efectúan con normalidade, agás que teñan carácter finalista. Malia que polas datas nas que nos atopamos -aínda non está rematado o primeiro trimestre do ano- non se dispón dunha marxe temporal suficiente para realizar unha valoración precisa sobre esta cuestión, se consideramos as últimas liquidacións aprobadas e os últimos datos de execución orzamentaria enviados ao Ministerio de Facenda e Función Pública, correspondentes ao cuarto trimestre do 2017, cabe deducir que non se están a producir distorsións significativas na liquidación do conxunto dos ingresos.

Achégase como documentación anexa a este expediente:

- Copia da memoria técnica xustificativa do proceso de asunción da xestión directa - reinternalización- dos servizos de retirada de vehículos con guindastre e ORA.
- Copia do anexo XXIV da antedita memoria.
- Copia dos datos de execución do cuarto trimestre do exercicio 2017 remitidos ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

PROPOSTA

Logo de ver a existencia de financiamento procedente dos novos ingresos derivados da tarifas polos servizos de retirada de vehículos con guindastre e ORA por importe de 1.428.113,30 € nos termos expostos na proposta do centro xestor que se achega ao expediente.

Sendo pois que eses novos ingresos a incluír nos subconceptos de ingreso 326.00 e 330.00 constitúen fonte de financiamento axeitada para un crédito extraordinario (artigos 177.4 do TRLFL e 36.1.b) do RD 500/1990).

Logo de ter constancia que no orzamento actualmente vixente do ano 2018, non consta aplicación nin, consecuentemente, dotación orzamentaria para facer fronte á asunción da xestión directa (a través do encargo da xestión á empresa municipal TUSSA).

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2018, e de acordo co establecido no artigo 177 do TRLFL .

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número de expediente 2018-CREXT-01 con base na proposta do centro xestor dos servizo que se achega ao expediente e se reproduce parcialmente no informe que antecede, por un monto global de **UN MILLÓN CATROCIENTOS VINTE E OITO MIL CENTOS TRECE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS DE EURO (1.428.113,30 €) con habilitación de crédito na aplicación 060.13300.22799**. Esta modificación de crédito financiarase cos novos ingresos procedentes das tarifas a aboar polos usuarios dos servizo.

Este expediente terá o seguinte detalle:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS DE TARIFAS A ABOAR POLOS USUARIOS DO SERVIZO			
APLICACIÓN DE GASTO			DESCRICIÓN	IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	CONCEPTO DE INGRESO	IMPORTE
060	13300	22799	Ordenación do Tráfico. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	1.428.113,30	CE	Ingresos dos usuarios pola retirada de vehículos	32600	373.721,28
						Ingresos dos usuarios do servizo polo estacionamento dos vehículos	33000	1.054.392,02
				1.428.113,30				1.428.113,30

A aprobación do expediente realizarase polo Pleno da Corporación con suxeición aos trámites e requisitos que os orzamentos, debendo ser executivos no mesmo exercicio no que se autoricen (artigo 38.1 do RD 500/1990).

Na tramitación dos expedientes de concesión de crédito extraordinarios serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLFL (artigo 38.2 do RD 500/1990).

Igualmente seranlle aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLFL.”

O presente expediente foi obxecto de informe por parte de intervención municipal de data 7 de marzo do corrente ano, e así mesmo foi aprobado pola Xunta de Goberno na sesión extraordinaria urxente de data 12 de marzo do corrente ano.

Xa que logo, á vista da proposta transcrita, demais documentación que obra no expediente, e máis o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión extraordinaria do día 12 de marzo de 2018, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, e 3 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda, aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario co número de expediente 2018-CREXT-01 con base na proposta do centro xestor do servizo que se achega ao expediente, por un monto global de UN MILLÓN CATROCENTOS VINTE E OITO MIL CENTOS TRECE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS DE EURO (1.428.113,30 €) con habilitación de crédito na aplicación 060.13300.22799. Esta modificación de crédito financiarase cos novos ingresos procedentes das tarifas a aboar polos usuarios dos servizo.

Este expediente terá o seguinte detalle:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS DE TARIFAS A ABOAR POLOS USUARIOS DO SERVIZO			
APLICACIÓN DE GASTO			DESCRIPCIÓN	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	CONCEPTO DE INGRESO	IMPORTE
060	13300	22799	Ordenación do Tráfico. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	1.428.113,30	CE	Ingresos dos usuarios pola retirada de vehículos	32600	373.721,28
						Ingresos dos usuarios do servizo polo estacionamento dos vehículos	33000	1.054.392,02
				1.428.113,30				1.428.113,30

A aprobación do expediente realizarase con suxeición aos trámites e requisitos que os orzamentos, debendo ser executivos no mesmo exercicio no que se autoricen (artigo 38.1 do RD 500/1990).

Na tramitación dos expedientes de concesión de crédito extraordinarios serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLFL (artigo 38.2 do RD 500/1990).

Igualmente seranlle aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLFL.

5. PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA QUE SE PRONUNCIE SOBRE A APROBACIÓN OU REXEITAMENTO DO CONVENIO CON

AUGAS DE GALICIA E ACUAES PARA EXECUTAR AS OBRAS DA NOVA EDAR DO SOUTO.

Tras o debate o Pleno da Corporación por 10 votos en contra da aprobación dos/as concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, o resto dos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE edo BNG, non exerceron o voto, polo que queda rexeitado o convenio con Augas de Galicia e ACUAES para executar as obras da nova EDAR do Souto.

6. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2018-SUPLE-01 DO ORZAMENTO DO ANO 2018 POR IMPORTE DE 143.520,00 €, FINANCIADO CON NOVOS INGRESOS PROCEDENTES DE PRÉSTAMO FORMALIZADO E NON DISPOSTO.

O informe proposta de data 28 de febreiro do corrente ano, en relación ao presente asunto, ten o seguinte contido:

“REF: 09/2018

Jesús Noya Liste, en calidade de técnico da Oficina de Orzamentos, en virtude do art. 175 do ROF, teño a ben de emitir o seguinte,

INFORME-PROPOSTA:

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO CO NÚMERO 2018-SUPLE-01 DE IMPORTE 143.520,00 EUROS

De conformidade co establecido no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, redáctase a presente memoria xustificativa da necesidade de aprobación dun expediente de modificación de crédito, na modalidade de suplemento de crédito, motivada no seguinte asunto que se pasa a detallar.

EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2018-SUPLE-01 PARA COMPLETAR A HABILITACIÓN ORZAMENTARIA DO IMPORTE DA ACHEGA MUNICIPAL (20%) DE DOUS PROXECTOS INCLUÍDOS NA ANUALIDADE 2018 DA EDUSI (APLICACIÓN 030 15321 61900 CORRESPONDENTE AO PROXECTO 2017 2 EDUSI 9 – REURBANIZACIÓN DE PATIO DE MADRES E CASTRÓN DOURO DE IMPORTE 48.000 €; E APLICACIÓN 030 92001 62600 CORRESPONDENTE AO PROXECTO 2018 2 EDUSI 6 – PLATAFORMA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DE

**IMPORTE 95.520,00 €) FINANCIADO CON NOVOS INGRESOS
PROCEDENTES DE PRÉSTAMO FORMALIZADO E NON DISPOSTO.**

ANTECEDENTES

- Informe de 12 de decembro do Economista da Oficina de Coordinación da EDUSI, co visto e praxe da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración responsable da xestión do proxecto europeo EDUSI, de execución do proxecto EDUSI no exercicio 2017.
- Proposta da Oficina de Coordinación da EDUSI en relación ao proxecto de orzamentos 2018.
- Orzamento xeral do exercicio 2018, no relativo as actuacións que se teñen previsto executar neste ano.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O orzamento municipal do ano 2018 incorporou nas súas previsións iniciais a consignación orzamentaria necesaria que permitise desenvolver ás diferentes accións seleccionadas para a anualidade 2018 no marco da selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) cofinanciadas a través do proxecto do Eixo Urbano pertencente ao Programa Operativo de Crecemento Sustentable (POCS) do Fondo Europeo de Desenvolvemento Económico Rexional (FEDER). A proporcionalidade do financiamento deste programa de accións é de 80% de fondos FEDER e 20% de achega municipal.

Segundo o recollido no informe de 12 de decembro do Economista da Oficina de Coordinación da EDUSI de execución do proxecto EDUSI para o ano 2017, posteriormente referendado na súa proposta de actuacións da EDUSI incluídas no orzamento 2018 xa aprobado, tiveron lugar unha serie de acontecementos que levaron a, por unha banda, declarar a decaemento íntegro por imposibilidade material de executar dúas accións das previstas no orzamento 2017 e, pola outra, declarar o decaemento íntegro dunha terceira acción prevista e un axuste orzamentario á baixa noutra acción por motivos técnicos. O detalle das accións concretas que decaeron ou que produciron un axuste orzamentario á baixa no exercicio 2017 foron as seguintes:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CAP.	PROXECTO	IMPORTE TOTAL	79101	91301	OBSERVACIÓNS
Intervencións no ámbito do castelo da Rocha. Acceso xacemento	050 33600 60900	6	2017 2 EDUSI 13 1	150.000,00	120.000,00	30.000,00	Actuación da EDUSI que continúa e axusta o seu importe a 100.000,00 € no ano 2018, decaendo o seu importe en 30.000,00 €, acordándose a redistribución de 10.000,00 € (que daba inicialmente soporte á achega municipal dos 30.000,00 € que decaen) procedente de préstamo para completar a anualidade 2018 doutra actuación da EDUSI
Consolidación da costa de Santa Susana e outras obras no parque da Alameda. EDUSI	060 17100 60900	6	2017 2 EDUSI 16 1	150.000,00	120.000,00	30.000,00	Actuación da EDUSI que decae no ano 2017, acordándose a redistribución de 30.000,00 € (que daba inicialmente soporte á achega municipal) procedente de préstamo para completar a anualidade 2018 doutra actuación da EDUSI
Programa de axudas para instalacións de ascensores e mellora da accesibilidade horizontal. EDUSI	050 15220 78001	7	2017 2 EDUSI 14 1	400.000,00	320.000,00	80.000,00	Actuación da EDUSI que decae no ano 2017, acordándose a redistribución de 80.000,00 € (que daba inicialmente soporte á achega municipal) procedente de préstamo para completar a anualidade 2018 doutra actuación da EDUSI
Plan municipal de alugueiros e oficina de xestión axudas para obras de acondicionamento das vivendas para futuros inquilinos. EDUSI	050 15220 78001	7	2017 2 EDUSI 15 1	117.600,00	94.080,00	23.520,00	Actuación da EDUSI que decae no ano 2017, acordándose a redistribución de 23.520,00 € (que daba inicialmente soporte á achega municipal) procedente de préstamo para completar a anualidade 2018 doutra actuación da EDUSI

A suma total da dispoñibilidade no ano 2017 de financiamento procedente de novos ingresos de préstamo concertado e non disposto procedente destas catro actuacións da EDUSI que decaen ou axustan o seu importe para a anualidade 2018 é de 143.520,00 euros.

No orzamento municipal aprobado do exercicio 2018, e concretamente no informe económico financeiro que forma parte do expediente aprobado, xa se establecía, con base na proposta do centro xestor responsable da xestión e coordinación da EDUSI, a aplicación deste financiamento para completar a achega municipal do 20% de dúas accións que teñen previsión de execución orzamentaria neste ano. Máis concretamente:

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE INTEGRADO (EDUSI)				ORZAMENTO 2018				
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	COD_PROXECTO	EXPTE	DENOMINACIÓN	TOTAL	ACHEGA FEDER	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA MPAL. A REDISTRIBUIR	
030 92001 62600	2018 2 EDUSI 6	1	Plataforma Administración electrónica	604.480,00	560.000,00	44.480,00	95.520,00	Nota 1
030 15321 61900	2017 2 EDUSI 9	1	Reurbanización Patio de Madres e Castrón Douro Fase I	192.000,00	192.000,00		48.000,00	Notas 1, 2 e 3
TOTAL INVESTIMENTOS				796.480,00	752.000,00	44.480,00	143.520,00	

Nota 1: A achega municipal do orzamento 2017 das accións "Programa de axudas instalación de ascensores" 80.000 € (aplicación 050 15220 78001) e o "Plan municipal de alugueres subvencións obras acondicionamento vivendas" 23.520 € (aplicación 050 15220 78002) decae da execución da EDUSI no ano 2017 e o financiamento vía préstamo formalizado no ano 2017 redistribuirase nunha contía de 8.000,00 € á actuación Reurbanización Patio de Madres e Castrón Douro Fase I, e nunha contía de 95.520,00 € á actuación de Plataforma de Administración electrónica

Nota 2: A achega municipal do orzamento 2017 financiada co préstamo formalizado no ano 2017 da actuación "Proxecto de consolidación da costa de Sta Susana" 30.000 € (aplicación 060 17100 60900 e proxecto 2017 2 EDUSI 16) decae da execución da EDUSI no ano 2017 e o financiamento vía préstamo redistribuirase á actuación Reurbanización Patio de Madres e Castrón Douro Fase I

Nota 3: A actuación "Castelo da Rocha. Acceso xacemento" (aplicación 050 33600 60900 e proxecto 2017 2 EDUSI 13 1) terá unha consignación no orzamento de 2018 de 100.000 € e cunha achega municipal de 20.000,00 € que se financiará coa incorporación de remanentes, polo que o crédito dispoñible da achega municipal deste proxecto do ano 2017 de importe 10.000 € e o seu financiamento vía préstamo formalizado no ano 2017 redistribuirase á actuación Reurbanización Patio de Madres e Castrón Douro Fase I

Con base ao antedito e co obxectivo de que o orzamento xeral do ano 2018 recolla en relación con estas dúas accións da EDUSI o importe íntegro da súa anualidade mantendo a proporcionalidade do financiamento de 80% de fondos FEDER e 20% de achega municipal, é necesaria a aprobación dunha modificación orzamentaria proposta modalidade suplemento de crédito de contía **CENTO CORENTA E TRES MIL CINCOCENTOS VINTE EUROS (143.520,00 €)**, co obxecto de habilitar de crédito no orzamento 2018 na aplicación orzamentaria 030/15321/60900 baixo o proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 9 de importe 48.000 euros e na aplicación orzamentaria 030 92001 62600 baixo o proxecto de gasto 2018 2 EDUSI 6 de importe 95.520,00 euros, financiado con novos ingresos procedentes de préstamo concertado no exercicio 2016 (35.160,70 euros) e no exercicio 2017 (108.359.30 euros) e non disposto.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL, e nos artigos 34 e 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das Bases de execución do Orzamento 2018.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “O expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que terá que financiar o aumento que se propón”.

Neste caso, o recurso que financia este suplemento de crédito que figura entre os recollidos no artigo 177.4 do RDL 2/2004 e no artigo 36.1.b) do RD 500/1990, de 20 de abril, son **novos ingresos** procedentes de préstamo concertado no exercicio 2016 (35.160,70 euros) e no exercicio 2017 (108.359.30 euros) non dispostos.

Máis concretamente, os recursos que financian esta modificación de crédito proceden da fonte de financiamento que daba cobertura a % da achega municipal de 4 accións da EDUSI no ano 2017, que segundo o establecido polo Economista da Oficina de Coordinación da EDUSI en informe de 12 de decembro que forma parte do expediente, dúas delas decaen de xeito íntegro por imposibilidade material de levar adiante a súa execución, unha terceira tamén decae na súa totalidade e unha cuarta acción sufriu un axuste orzamentario á baixa, estas dúas últimas os axustes son de carácter técnico. O detalle do financiamento desta modificación orzamentaria é o seguinte:

FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS POR PRÉSTAMO FORMALIZADO E NON DISPOSTO		
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 unha parte da achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 13	91301	10.000,00
Préstamo formalizado de ABANCA do ano 2016 e non disposto que financiaba no ano 2017 unha parte da achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 14		35.160,70
Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 unha parte da achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 14		44.839,30
Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 15		23.520,00
Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 16		30.000,00
		143.520,00

PROPOSTA

Logo de ver a existencia de financiamento procedente de préstamo ABANCA formalizado no ano 2016 e non disposto por unha contía de 35.160,70 € e de financiamento procedente de préstamo BANCO SABADELL formalizado no ano 2017 e non disposto por unha contía de 108.359,30 € e cuxa afectación legal non se materializa nun proxecto de gasto concreto no exercicio 2017 como consecuencia do decaemento de tres accións e o reaxuste á baixa doutra acción recollido no informe de execución orzamentaria no ano 2017 do proxecto EDUSI de 12 de decembro realizado polo Economista da Oficina de Coordinación da EDUSI, co visto e praxe da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración, responsable da xestión do proxecto europeo EDUSI.

Aos efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, advírtese que os novos ingresos que financian este suplemento de crédito (préstamos formalizados e non dispostos son de carácter finalista.

Logo de ter constancia que no orzamento actualmente vixente do ano 2018, non consta crédito orzamentario suficiente nas aplicacións orzamentarias para facer fronte ao 20% de achega municipal dos proxectos de gasto 2017 2 EDUSI 9 e 2018 2 EDUSI 6 ou a que hai é insuficiente, no caso dun dos proxectos de gasto 2018 2 EDUSI 6, todo elo de contía total de 143.520,00 euros.

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2018, e de acordo co establecido no artigo 177 do TRLFL.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, en relación á seguinte proposta:

Aprobación de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2018-SUPLE-01 con base na memoria que se describe no informe que antecede, cun monto global de CIENTO CORENTA E TRES CINCO CENTOS VINTE EUROS (143.520,00 euros), co obxecto de habilitar crédito no exercicio 2018 nas seguintes aplicacións incluídas nos proxectos de gasto: 030 15321 61900 incluída no proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 9 por importe de 48.000,00 euros, e 030 92001 62600 incluída no proxecto de gasto 2018 2 EDUSI 6 por importe de 95.520,00 euros. Esta modificación de crédito financiarase con compromiso de ingreso procedentes do préstamo formalizado con ABANCA no ano 2016 por importe de 35.160,70 € e préstamo formalizado con BANCO SABADELL no ano 2017 por importe de 108.359,30 €, ámbolos dous préstamos aínda non dispostos.

Este expediente terá o seguinte detalle:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO							FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS POR PRÉSTAMO FORMALIZADO E NON DISPOSTO		
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE
Plataforma Administración electrónica	030	92001	62600	2018 2 EDUSI 6	95.520,00	SC	Préstamo formalizado de ABANCA do ano 2016 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 14	91301	35.160,70
							Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 14		44.839,30
							Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 15		15.520,00
Reurbanización Patio de Madres e Castrón Douro Fase I	030	15321	61900	2017 2 EDUSI 9	48.000,00		Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 15		8.000,00
							Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 16		30.000,00
							Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 13		10.000,00
					143.520,00			143.520,00	

Este expediente foi obxecto de informe de intervención 92/2018, de data 7 de marzo do corrente ano.

Así mesmo foi aprobado na sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno de data 12 de marzo de 2018.

Xa que logo, a vista do informe-proposta transcrito, e demais documentación que obra no expediente, máis o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á sesión extraordinaria

do día 12 de marzo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda a aprobación de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2018-SUPLE-01, cun monto global de CENTO CORENTA E TRES CINCOCENTOS VINTE EUROS (143.520,00 euros), co obxecto de habilitar crédito no exercicio 2018 nas seguintes aplicacións incluídas nos proxectos de gasto: 030 15321 61900 incluída no proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 9 por importe de 48.000,00 euros, e 030 92001 62600 incluída no proxecto de gasto 2018 2 EDUSI 6 por importe de 95.520,00 euros. Esta modificación de crédito financiarase con compromiso de ingreso procedentes do préstamo formalizado con ABANCA no ano 2016 por importe de 35.160,70 € e préstamo formalizado con BANCO SABADELL no ano 2017 por importe de 108.359,30 €, ámbolos dous préstamos aínda non dispostos.

Este expediente terá o seguinte detalle:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO						TIPO MC	FINANCIAMENTO: NOVOS INGRESOS POR PRÉSTAMO FORMALIZADO E NON DISPOSTO				
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE		DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE INGRESO	IMPORTE		
Plataforma Administración electrónica	030	92001	62600	2018 2 EDUSI 6	95.520,00	SC	Préstamo formalizado de ABANCA do ano 2016 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 14	91301	35.160,70		
							Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 14		44.839,30		
							Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 15		15.520,00		
Reurbanización Patio de Madres e Castrón Douro Fase I	030	15321	61900	2017 2 EDUSI 9	48.000,00		Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 15		8.000,00		
							Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 16		30.000,00		
							Préstamo formalizado do BANCO SABADELL do ano 2017 e non disposto que financiaba no ano 2017 a achega municipal do proxecto de gasto 2017 2 EDUSI 13		10.000,00		
					143.520,00					143.520,00	

7. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E ADMINISTRACIÓN DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018 (BASE 18).

O informe-proposta de data 28 de febreiro do corrente ano, emitido con relación ao presente asunto, ten o seguinte contido:

“REF: 10/2018

Jesús Noya Liste, en calidade de técnico da Oficina de Orzamentos, en virtude do art. 175 do ROF, teño a ben de emitir o seguinte,

INFORME-PROPOSTA:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2018

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O Pleno da Corporación, na sesión do 17.01.2018, aprobou inicialmente o orzamento xeral incluíndo as súas bases de execución- e cadro de persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2018.

No BOP nº 14, do 19.01.2018, publicouse anuncio de exposición ao público do antedito expediente.

Por acordo plenario do 21.02.2018 resolvéronse as alegacións presentadas, en tempo e forma, e aprobouse definitivamente o orzamento xeral -xunto coas súas bases de execución- e cadro de persoal do ano 2018.

No BOP nº 40, do 27.02.2018, publicouse o orzamento definitivamente aprobado resumido por capítulos coas consecuencias que deste feito se derivan tocantes á súa entrada en vigor.

No artigo 18 das bases de execución prevense unha serie de aplicacións de gasto ampliáveis con cargo aos conceptos de ingreso que se sinalan, nos seguintes termos:

➤ “CRÉDITOS AMPLIABLES DO CONCELLO:

As aplicacións do Orzamento do Concello que a continuación se relacionan teñen a consideración de ampliáveis con cargo aos conceptos de ingresos que se sinalan; no caso do concepto de ingresos 391.20 e 391.90 vincúlase a aqueles gastos derivados da externalización do servizo coa partida de gastos sinalada.

Aplicación orzamentaria	Descrición	Concepto de ingresos	Descrición
060-93200-22706	Xestión do sistema tributario. Estudos e traballos técnicos	391.20	Sancións de tráfico
050-15102-22699	Xestión de licenzas e disciplina. Outros gastos diversos	399.02	Actuacións urbanísticas a cargo de particulares. Execución subsidiaria.
060-13600-20400 060-13600-21200 060-13600-21300 060-13600-21400 060-13600-22104 060-13600-22606 060-13600-22700	Servizo extinción de incendios. Arrendamento material de transporte. Reparación e mantemento edificios e outras construcións. Reparación e mantemento maquinaria, instalacións e utillaxe. Reparación e mantemento Elementos de Transporte Vestuario	351.00	Contribucións especiais para o establecemento ou ampliación dos servizos.

Aplicación orzamentaria	Descrición	Concepto de ingresos	Descrición
060-13600-63300	Cursos de Formación Estudos e Traballos Técnicos Investimentos de Reposición en maquinaria, instalacións e utillaxe		
030-92000-83000	Anticipos ao persoal	830.00	Reintegro de anticipos ao persoal
080-32301-22799	Escolas infantís xestión municipal. Traballos realizados por outras empresas	34201	Servizos de escolas infantís de xestión municipal
080-32600-22799	Servizos complementarios educación traballos realizados por outras empresas	34202	Servizo da escola municipal de música
080-32601-22799	Servizos complementarios educación traballos realizados por outras empresas	34200	Servizo de comedores escolares

A aplicación 030 92000 83000 de Préstamos a curto prazo do orzamento xeral ten a consideración de ampliable, financiada cos recursos do subconcepto de ingreso 830.00 “Reintegro por anticipos ao persoal”. Con este fin, efectuaranse convocatorias trimestrais para a concesión de anticipos ao persoal por **importes trimestrais de 20.000,00 euros. Na convocatoria do último trimestre poderase ampliar a dita contía en función dos dereitos que poidan recoñecerse durante o exercicio corrente, ampliando o crédito ata o importe dos dereitos recoñecidos como máximo.**”

A experiencia dos últimos anos, avalada polos datos de execución orzamentaria nos subconceptos de ingreso relativos ás actividades promovidas polo departamento de educación, de escolas infantís, da escola de música e comedores escolares, fai pensar que é probable que non se dean, de facto, as circunstancias habilitantes dunha posible ampliación, a saber: maiores ingresos efectivamente liquidados ou recoñecidos sobre os previstos.

Pola súa banda, o feito de consideras estas aplicacións ampliables determina a súa vinculación en si mesmas ou, a sensu contrario, a non integración das mesmas nas respectivas bolsas de vinculación -artigo 11.3 das bases de execución-.

Xunto con esta circunstancia, e tamén con repercusións no eido da xestión orzamentaria, cómpre advertir que consonte os artigos 180.1 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais -TRLFL, en diante- e 41.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril,-RD 500/1990, en diante- as transferencias de crédito non poden afectar ás aplicacións ampliables.

Polo antedito, e no contexto das últimas tendencias normativas dirixidas á racionalización das estruturas e dos procedementos en busca dunha simplificación administrativa que reduza as cargas burocráticas e permita acadar axilidade, eficacia e eficiencia na xestión –no que agora interesa, na xestión orzamentaria- propónse a supresión do carácter ampliable das seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Concepto ingresos	Descrición
080-32301-22799	Escolas infantís xestión municipal. Traballos realizados por outras empresas	34201	Servizos de escolas infantís de xestión municipal
080-32600-22799	Servizos complementarios educación traballos realizados por outras empresas	34202	Servizo da escola municipal de música
080-32601-22799	Servizos complementarios educación traballos realizados por outras empresas	34200	Servizo de comedores escolares

No que atinxe ao procedemento indicar que a modificación das bases de execución, en tanto que integrantes do contido do orzamento consonte os artigos 165.1 do TRLFL e 9 do RD 500/1990, precisa dos mesmos trámites que a aprobación deste último previstos no artigo 169 do TRLFL.

Aprobada a modificación inicialmente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles nos que os interesado poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que xulguen oportunas. A modificación entenderase definitivamente aprobada se no antedito prazo non se presentaran reclamacións, do contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

PROPOSTA

De conformidade co antedito proponse que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, en relación á seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobado a modificación do artigo 18 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018 no sentido de suprimir o carácter ampliable das seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Concepto ingresos	Descrición
080-32301-22799	Escolas infantís xestión municipal. Traballos realizados por outras empresas	34201	Servizos de escolas infantís de xestión municipal
080-32600-22799	Servizos complementarios educación traballos realizados por outras empresas	34202	Servizo da escola municipal de música
080-32601-22799	Servizos complementarios educación traballos realizados por outras empresas	34200	Servizo de comedores escolares

Segundo.- Na tramitación do expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

Terceiro.- Esta modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobada se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.”

O presente expediente foi obxecto de informe por parte de intervención municipal de data 7 de marzo do corrente ano, e así mesmo foi aprobado pola Xunta de Goberno na sesión extraordinaria urxente de data 12 de marzo do corrente ano.

Á vista do informe proposta transcrito, demais documentación que figura no expediente, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión extraordinaria do día 12 de marzo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 18 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018 no sentido de suprimir o carácter ampliable das seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Concepto ingresos	Descrición
080-32301-22799	Escolas infantís xestión municipal. Traballos realizados por outras empresas	34201	Servizos de escolas infantís de xestión municipal
080-32600-22799	Servizos complementarios educación traballos realizados por outras empresas	34202	Servizo da escola municipal de música
080-32601-22799	Servizos complementarios educación traballos realizados por outras empresas	34200	Servizo de comedores escolares

Segundo.- Na tramitación do expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.

Terceiro.- Esta modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobada se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.

8. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA PARA A ASUNCIÓN DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE

AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXILANTES MUNICIPAIS.

En relación ao asunto do epígrafe, con data 28 de febreiro do corrente ano, o concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia, e informática e con competencias en policía local, emitiu a proposta que a seguir se transcribe:

“Informe proposta de sinatura do Convenio para a Asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso as diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixiantes municipais

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, prevé que os concellos poderán solicitar á consellería competente a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de policía local na forma que regulamentariamente se estableza e que, así mesmo, a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración.

No DOG Núm. 222 do 22 de novembro de 2017 publicou o decreto 115/2017, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, que desenvolve esta cuestión artellando esta cooperación entre Administracións a través dunha delegación voluntaria dende os concellos das súas competencias sobre convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos

O artigo 2 do antedito decreto dispón que a materialización da cooperación interadministrativa nos termos plantexados -vía delegación voluntaria de competencias- require da sinatura dun convenio coa consellería competente en materia de seguridade.

Recibida a proposta de convenio por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, entendemos que, na procura de acadar unha maior eficacia e eficiencia administrativa na tramitación dos procedementos de selección dos membros do corpo da policía local e de continuar coa tendencia homoxeneizadora, formalizada na lei de coordinación 4/2007, de 20 de abril, dos diferentes corpos de policía locais no ámbito territorial de comunidade autónoma galega, axústase ás necesidades deste Concello polo que propoñemos a súa sinatura.”

Con data 2 de marzo o director da asesoría xurídica emitiu o seguinte informe:

“Sobre o proxecto de Convenio de colaboración coa Administración xeral da Xunta de Galicia para asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios de acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía local

ANTECEDENTES

1. A Academia Galega de Seguridade Pública -en diante, a Academia- remite nota informativa sobre a antedita cuestión, o modelo de convenio ou convenio tipo e o Decreto da Xunta de Galicia 115/2017, do 17 de novembro, que regula a cooperación da Administración xeral da Xunta de Galicia cos concellos na citada materia.

2. A parte expositiva do convenio invoca como normativa reguladora os artigos 32.7 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, e 2.2 do Decreto 115/2017, e as súas cláusulas definen:

a) o obxecto (delegación polo Concello na Xunta de Galicia das competencias tocantes á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos de acceso ás diferentes categorías do corpo da Policía local, e ás prazas de auxiliares e vixilantes municipais).

b) A forma e prazo de comunicación do Concello á Academia das prazas que se deben convocar.

c) O alcance da delegación (aprobación e publicación das bases das convocatorias e dos demais actos e resolucións que se diten no seu desenvolvemento, nomeamento e coordinación de tribunais, recepción de solicitudes e cobro de taxas, desenvolvemento material dos procesos selectivos, cualificación das probas e organización dos cursos de formación).

d) Obrigacións da Xunta de Galicia co umbral mínimo necesario para convocar os procesos de selección.

e) Obrigacións do Concello (comunicación de prazas vacantes para convocar e de tomas de posesión, nomeamento de funcionarios en prácticas ou de carreira, subministración de información pertinente).

f) Financiamento dos procesos selectivos e percepción de taxas por conta da Xunta de Galicia.

g) Comisión de seguimento.

h) Vixencia temporal do convenio (ata un máximo de 4 anos con prórroga expresa por outros 4).

i) Causas de resolución (renuncia, incumprimento e mutuo acordo).

j) Modificacións.

k) Publicidade.

l) Natureza e réxime xurídico.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1º de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRSP), define os convenios como os acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público ou as universidades, entre eles ou con suxeitos de dereito privado, que non poden ter por obxecto prestacións propias dos contratos. Tamén establece no seu apartado 2 os tipos de convenios e, en concreto no parágrafo a), os asinados entre dúas ou máis administracións públicas ou entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes deles para o exercicio de competencias propias ou delegadas. Precisamente a ese tipo pertence o convenio que nos ocupa.

2. O artigo 48 enumera os requisitos de validez e eficacia dos convenios e prevé que a súa subscrición debe estar xustificada pola mellora na eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A xestión e xustificación dos gastos derivados dos convenios axustaranse á lexislación orzamentaria, os compromisos financeiros deberán ser sustentables e responder á capacidade económica das partes que os subscriban, e as achegas financeiras que se comprometan non poderán superar os gastos derivados do convenio. Finalmente, os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

3. O artigo 48 precisa o contido mínimo dos convenios: a) os suxeitos que o subscriben e a capacidade xurídica coa que actúan, b) a competencia en que se basea a actuación dos intervinientes, c) o seu obxecto e as actuacións que correspondan a cada interviniente así como a titularidade dos resultados que se obteñan, d) as obrigacións e compromisos económicos asumidos por cadaquén coa súa programación temporal por anualidades e a imputación orzamentaria concreta, e) as consecuencias derivadas dos incumprimentos cos criterios de determinación de responsabilidades, f) os mecanismos de seguimento, vixilancia e control de execución, g) o réxime de modificación e h) o prazo de vixencia.

4. Os artigos 50, 51 e 52 da LRSP regulan os trámites preceptivos para subscribir convenios, a súa extinción e os efectos da súa resolución. Finalmente, o artigo 53 dispón que se remitirán ao Tribunal de Contas os convenios dos que deriven compromisos económicos que superen os 600.000 €.

5. O convenio obxecto de consideración axústase ás prescricións legais aplicables e ten a súa fundamentación legal directa no artigo 32.7 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, e no Decreto da Xunta de Galicia 115/2017, do 17 de novembro, polo que -ao meu xuízo- non é necesaria a memoria xustificativa complementaria que prevé o artigo 50.1 da Lei LRSP.

6. A competencia para aprobar o convenio correspóndelle ao Pleno da Corporación consonte o artigo 123.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

CONCLUSIÓN

Polo exposto, ao meu xuízo, o proxecto de convenio obxecto de análise axústase a dereito e pódese remitir ao Pleno da Corporación para a súa tramitación, deliberación e resolución.”

Xa que logo, á vista da proposta transcrita, do informe do director da asesoría xurídica, e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión ordinaria do día 9 de marzo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros e concelleiras acorda, aprobar e proceder á sinatura do convenio de colaboración coa Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da policía local.

9. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS, PARA A PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CAMIÑO INGLÉS.

A proposta da Alcaldía de data 6 de marzo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“1.- Con data 5/07/2016 celebrouse unha xuntanza en Carral entre os/as representantes de ditos concellos na que se consensuou unha proposta de estatutos para a constitución da asociación como fase previa á aprobación dos estatutos por cada concello, establecendo tamén a estrutura de cotas a aportar por cada municipio en función da súa poboación.

2.- Na sesión plenaria do 16 de febreiro do 2017 acordouse por unanimidade:

“PRIMEIRO. Manifestar a vontade do Concello de Santiago de Compostela de adherirse á asociación de concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do camiño inglés de Santiago, xunto cos concellos de Mesía, Cabanas, Paderne, Oroso, Abegondo, Neda, Miño, Pontedeume, Betanzos, Carral, Ordes, Culleredo, Cambre, Fene, Narón, Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña.

SEGUNDO. Aprobado a proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos, e expresar a vontade de concorrer á Asemblea que os aprobe definitivamente.

TERCEIRO. Designar ao Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, D. Martiño Noriega Sánchez como representante titular da Corporación na Asemblea e na constitución da futura Asociación e a Marta Lois González, concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, como suplente.”

3.-Con data 20/06/2017 a Asemblea celebrada en Carral entre os/as representantes de ditos concellos na que se aproban e asinan os estatutos e se elixe á Xunta directiva que rexerá a Asociación de concellos do camiño inglés, asínase a Acta Fundacional específica para a remitir ao Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia (anexo I).

4.-Recíbese no concello de Carral requirimento de subsanación de deficiencias da xefa de sección da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de data 27/09/2017, no que indica que hai que revisar e modificar determinados artigos dos estatutos(anexo II).

De acordo co disposto na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación e da Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

De acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

De conformidade do disposto nos artigos 22.2.b) e 47.2.g) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación dos seguintes artigos dos estatutos da "Asociación de concellos do Camiño inglés" aprobados polos Plenos dos concellos integrantes da asociación e polos representantes de ditos concellos na Asemblea de data 20/06/2017:

-Engádese un punto 3 ao artigo 19:

“As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro” .

-Modifícase a redacción do artigo 22.1.c):

“Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe do presidente”.

SEGUNDO.- Remitir o acordo adoptado de forma urxente ao Concello de Carral para a convocatoria da Asemblea que aprobará a modificación dos estatutos e sinatura dos textos definitivos para enviar ao Rexistro de Asociacións e dar por cumprido o requirimento de data 27/09/2017 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.”

Xa que logo, á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión ordinaria do día 9 de marzo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación dos seguintes artigos dos estatutos da "Asociación de concellos do Camiño inglés" aprobados polos Plenos dos concellos integrantes da asociación e polos representantes de ditos concellos na Asemblea de data 20/06/2017:

-Engádese un punto 3 ao artigo 19:

“As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro” .

-Modifícase a redacción do artigo 22.1.c):

“Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe do presidente”.

Segundo.- Remitir o acordo adoptado de forma urxente ao Concello de Carral para a convocatoria da Asemblea que aprobará a modificación dos estatutos e sinatura dos textos definitivos para enviar ao Rexistro de Asociacións e dar por cumprido o requirimento de data 27/09/2017 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Auséntase a señora interventora, que xa non se reincorpora ao resto da sesión.

10. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO CONSELLO MUNICIPAL DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.

Con data 21 de febreiro emitíuse o seguinte informe proposta en relación ao asunto do epígrafe:

“Asunto: APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO CONSELLO MUNICIPAL DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

I. ANTECEDENTES:

1. O obxectivo desta iniciativa é a creación do órgano consultivo de participación cidadá para a análise, asesoramento e seguimento das accións en materia de cooperación internacional ao desenvolvemento así como de integración social e comunitaria, nomeadamente dando resposta ás necesidades e demandas do fenómeno migratorio, sendo o municipio o ámbito territorial onde as mesmas se concretan en primeira instancia.

2. A convocatoria polo Concello de Santiago de Compostela no ano 2017 das primeiras axudas de cooperación ao desenvolvemento, das que se pretende que teñan continuidade, fai aínda máis necesaria a existencia deste órgano para achegar coñecementos e experiencia e posibilitar a realización con éxito doutras accións neste ámbito co apoio dos actores que levan a cabo actividades relacionadas coa cooperación internacional.

3. A integración da poboación migrante require a mobilización de múltiples recursos como múltiples son os aspectos que atinxe este labor: primeira acollida, vivenda, emprego, saúde, educación, servizos sociais... Identificalos e utilízalos de forma

eficiente é fundamental para lograr o obxectivo da integración e evitar a marxinação. Neste senso contar con aqueles que están en contacto con esta problemática e poden achegar non só experiencia, senón consello e alternativas de actuación para conseguir a activación eficiente dos recursos dispoñibles, é un dos motivos fundamentais para a creación deste órgano de participación.

4.A participación cidadá a través de consellos consultivos vén prevista no artigo 71 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, os artigos 1 e 69 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 130 e 131 do Regulamento 2568/1986 de 28 de novembro de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; tamén está recollida no artigo 29 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Santiago aprobado por acordo plenario do 4 de decembro de 1998. Por outra banda o artigo 20 da Lei 23/1998 de 7 xullo de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento tamén prevé a participación municipal neste ámbito.

II. SITUACIÓN ACTUAL

1. O presente texto do regulamento do Consello Municipal de Cooperación e Desenvolvemento recolle as achegas dos grupos políticos presentadas na xuntanza que a Concelleira responsable de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, Concepción Fernández Fernández mantivo o 19 de xuño de 2017 cos seus representantes.

2.O texto desta proposta de regulamento foi obxecto de consulta pública na páxina web do Concello de Santiago de Compostela por espazo de quince días, a partir do 2 de febreiro, segundo se establece no artigo 133 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (informe adxunto acreditativo da dita consulta), sen que se produciran alegacións.

III. CONSIDERACIÓNS:

Lei 5/1997 de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local.

Regulamento 2568/1986 de 28 de novembro de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Santiago aprobado por acordo plenario do 4 de decembro de 1998Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Lei 23/1998 de 7 xullo de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

IV. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Aprobación do regulamento de funcionamento interno do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade polo Pleno Municipal, previo estudo na Comisión Informativa correspondente.”

Posteriormente foi emitido informe polo secretario accidental con data 5 de marzo do corrente ano e conformado polo secretario xeral do pleno o día 6 de marzo de 2018.

Así mesmo a Xunta de Goberno aprobou o proxecto de regulamento na sesión do día 9 de marzo de 2018.

Xa que logo, a vista do informe transcrito e demais documentación que figura no expediente, e o ditame favorable da Comisión Informativa da Área do Social e Cultura correspondente a súa sesión de data 9 de marzo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, acorda:

1º. Aprobar inicialmente o Regulamento do Consello Municipal de Municipal de Cooperación e Solidariedade.

2º. Someter o Regulamento a información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de edictos do Concello.

Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, resolveranse estas, incorporándose ao texto do Regulamento as modificacións derivadas da resolución das alegacións.

No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Regulamento no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O acordo de aprobación definitiva, expresa ou tácita, do Regulamento co texto íntegro do mesmo, deberá publicarse no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles dende a comunicación do acordo, segundo o artigo 65.2 da Lei 7/1985.

O texto do regulamento que ven de aprobarse inicialmente é o seguinte:

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO CONSELLO MUNICIPAL DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A participación cidadá é un dos piares sobre os que se asenta a idea de democracia e tamén é, un dos medios a través dos cales a cidadanía xulga a acción dos seus gobernos. Supón recoñecer a pluralidade de pensamentos, opinións e visións dos asuntos e contribúe ao desenvolvemento social, á construción do capital social, ao fomento da corresponsabilidade e á mellora da calidade dos servizos públicos. As vantaxes e beneficios que comporta a participación cidadá na toma de decisión, fanse máis evidentes no eido local, onde as organizacións sociais, os grupos locais, as familias, a cidadanía en definitiva, teñen o dereito e o deber de esixir que se teñan en conta e se debatan as súas demandas, críticas e propostas.

A Carta Europea de Autonomía Local feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985, no seu preámbulo considera que o dereito **da cidadanía** a participar na xestión dos asuntos públicos forma parte dos principios democráticos comúns a todos os membros do Consello de Europa, entendendo que a autonomía local supón o dereito e a capacidade efectiva das Entidades Locais para ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos no marco da lei, baixo a súa responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.

Neste senso a Constitución, no título preliminar, establece o dereito **da cidadanía** a participar na vida política, económica, cultural e social (artigo 9.2) aludindo á obriga dos poderes públicos de promover as condicións para a participación libre e eficaz da cidadanía no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

A participación cidadá a través de consellos consultivos vén prevista no artigo 71 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, os artigos 1 e 69 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 130 e 131 do Regulamento 2568/1986 de 28 de novembro de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; tamén está recollida no artigo 29 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Santiago aprobado por acordo plenario do 4 de decembro de 1998. Por outra banda o artigo 20 da Lei 23/1998 de 7 xullo de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento tamén prevé a participación municipal neste ámbito.

O obxectivo desta iniciativa é a creación do órgano consultivo de participación cidadá para a análise, asesoramento e seguimento das accións en materia de cooperación internacional ao desenvolvemento así como de integración social e comunitaria, nomeadamente dando resposta ás necesidades e demandas do fenómeno migratorio, sendo o municipio o ámbito territorial onde as mesmas se concretan en primeira instancia.

A convocatoria polo Concello de Santiago de Compostela no ano 2017 das primeiras axudas de cooperación ao desenvolvemento, das que se pretende que teñan continuidade, fai aínda máis necesaria a existencia deste órgano para achegar coñecementos e experiencia e posibilitar a realización con éxito doutras accións neste ámbito co apoio dos actores que levan a cabo actividades relacionadas coa cooperación internacional.

A integración da poboación migrante require a mobilización de múltiples recursos como múltiples son os aspectos que atinxe este labor: primeira acollida, vivenda, emprego, saúde, educación, servizos sociais... Identificalos e utilízalos de forma eficiente é fundamental para lograr o obxectivo da integración e evitar a marxinación. Neste senso contar con aqueles que están en contacto con esta problemática e poden achegar non só experiencia, senón consello e alternativas de actuación para conseguir a activación eficiente dos recursos dispoñibles, é un dos motivos fundamentais para a creación deste órgano de participación.

ÍNDICE

Artigo 1. Natureza

Artigo 2. Ámbito de actuación

Artigo 3. Funcións do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade

Artigo 4. Composición

Presidencia

Vicepresidencia

Vogalías

Secretaría

Artigo 5. Funcións dos membros

Artigo 6. Da Presidencia

Artigo 7. Da Vicepresidencia

Artigo 8. Da Secretaría

Artigo 9. Comisións de traballo

Artigo 10. Xuntanzas e acordos

Artigo 11. Convocatoria das xuntanzas

Artigo 12. Duración do mandato

Artigo 13. Sede

Disposición final única. Entrada en vigor

Artigo 1. Natureza

O Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade é un órgano colexiado de participación da cidadanía para a consulta, asesoramento e seguimento das accións en materia de cooperación para o desenvolvemento, educación para a cidadanía global e acción humanitaria, deste Concello de Santiago de Compostela.

O Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade créase con base nas previsións que sobre a participación cidadá nos asuntos municipais, dispoñen o artigo 71 da Lei de 5/97 do 22 de xullo da administración local de Galicia, os artigos 1 e 69 da Lei reguladora das Bases de Réxime Local e na restante normativa de ámbito estatal e local, nomeadamente no Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Santiago de Compostela sen prexuízo do exercicio das facultades de decisión dos órganos representativos regulados por lei.

Os estudos, propostas e informes emitidos polo Consello son de carácter informativo e con fins consultivos, non vinculantes. En consecuencia, configúrase como un órgano permanente de participación, asesoramento, consulta, proposta, información, comunicación e debate.

Artigo 2. Ámbito de actuación

O ámbito de actuación do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade é coincidente cos límites e competencias municipais e sempre referido a temas de cooperación e solidariedade internacional. Non obstante, este Consello procurará a coordinación e colaboración con outros concellos e outras entidades, públicas e privadas, que transcendan o ámbito municipal co fin de procurar información, realizar propostas ou trasladar solicitudes, naqueles casos que poidan incidir nas actuacións deste Consello.

Artigo 3. Funcións do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade

Son funcións deste Consello a representación e canalización da participación comunitaria -en temas de cooperación para o desenvolvemento, educación para a cidadanía global e acción humanitaria do Concello de Santiago de Compostela- dun sector dos colectivos ou organizacións sociais da cidade de Santiago relacionados cos asuntos que son competencia deste Consello; así como tamén o asesoramento e a elaboración de propostas de actuación en materia de cooperación e solidariedade internacional e o seu seguimento.

As competencias do Consello de Cooperación e Solidariedade son:

1. Establecer as súas propias liñas xerais da actuación do mesmo.
2. Coñecer e colaborar na elaboración de convocatorias de subvencións, plans e estratexias de cooperación, ditames, propostas de actuación sobre canles de información entre o Consello e a sociedade compostelá así como emitir informes a proposta dos mesmos.
3. Promover a realización de informes de avaliación das actuacións anuais do Consello, así como das comisións de traballo que se podan constituír.
4. Participar no desenvolvemento, execución, seguimento e avaliación dos programas, estratexias ou plans municipais de cooperación para o desenvolvemento, educación para a cidadanía global e acción humanitaria..
5. Canalizar e valorar cantas iniciativas e suxestións permitan desenvolver un proceso participativo da veciñanza nas actuacións municipais de cooperación para o desenvolvemento, educación para a cidadanía global e acción humanitaria.
6. Recompilar canta información sexa necesaria para o cumprimento das anteditas funcións.
7. Favorecer a coordinación e complementariedade entre os diferentes axentes de cooperación que operan no ámbito municipal, tanto institucións públicas e privadas como organizacións e entidades de cooperación e desenvolvemento
8. Incorporar ao Concello e á cidadanía de Santiago de Compostela os obxectivos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 25 de setembro de 2015.

Artigo 4. Composición

O Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade estará formado polos seguintes

órganos: Presidencia, Vicepresidencia, Vogalías e Secretaría.

Presidencia:

Titular da Alcaldía ou da Concellería en quen delegue.

Vicepresidencia:

A persoa titular da área de goberno que sexa competente en materia de cooperación e solidariedade, delegada ao efecto pola Alcaldía.

Vogais:

Unha persoa representante de cada un dos grupos municipais integrantes da Corporación.

Unha persoa representante das asociacións veciñais representadas no consello de relacións veciñais.

Cinco representantes das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento radicadas en Santiago ou que demostren ter realizado actividades en Santiago, propostas pola Coordinadora Galega de Organizacións non Gobernamentais para o Desenvolvemento ou pola entidade que a suceda.

Dúas persoas expertas de recoñecido prestixio, designadas pola Presidencia do Consello por proposta da maioría cualificada dos membros deste Consello.

Unha persoa representante da Dirección Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia.

Unha persoa representante de Consello Económico e Social do Concello de Santiago de Compostela.

Unha persoa representante do Foro Cívico de Santiago de Compostela.

Unha persoa representante do Servizo de Participación e Integración Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela.

Unha persoa representante do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Unha persoa representante do Foro Galego de Inmigración.

Secretaría:

Titular da Secretaría municipal ou persoa en quen delegue.

Así mesmo, para funcións de asesoramento, a Presidencia poderá invitar ás sesións do Consello a calquera persoa experta , organización ou entidade que resulte de interese para os temas tratados.

Artigo 5. Funcións das persoas membros.

Son funcións das persoas membros:

1. Propoñer asuntos a incluír na orde do día das sesións.
2. Participar nos debates das sesións.
3. Formular propostas en relación cos asuntos fixados na orde do día.
4. Exercer o seu dereito ao voto e formularen votos particulares, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
5. Formular iniciativas, preguntas e suxestións.
6. Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
7. Respetar a confidencialidade da información que adquira pola súa condición de membro do Consello, aínda con posterioridade ao seu cesamento.
8. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

As persoas membros do Consello non poderán atribuírse as funcións de representación asignadas a este, salvo que expresamente se lles outorgasen por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

En casos de ausencia ou de enfermidade, e en xeral cando concorra unha causa xustificada, as persoas membros do Consello serán substituídas polas súas suplentes, se as houbese. As asociacións cidadás e organizacións de cooperación poderán substituír as persoas que as representan por outras, acreditándoo ante a Secretaría do Consello, que dará traslado ao Pleno deste órgano.

No nomeamento das persoas membros terase en conta o establecido no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre ambos os sexos na súa composición. Tamén se atenderá ao previsto no Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Neste senso, á hora de propor dous representantes, sempre serán unha muller e un home, ou viceversa. E igualmente para o caso das persoas propostas como suplentes.

No caso de que un membro do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade falte a tres sesións ordinarias sen xustificación, proporase a súa substitución no Consello.

Artigo 6. Da Presidencia.

A Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela presidirá o Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade, podendo delegar dita presidencia na persoa titular da Área de Goberno Municipal competente en materia de cooperación e solidariedade.

Son funcións da Presidencia:

1. Representar o Consello.
2. Acordar a convocatoria, fixar a orde do día, presidir e moderar as sesións ordinarias e extraordinarias do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade e das comisións permanentes, se houbera.
3. Velar polo cumprimento dos acordos do Consello e as súas normas de funcionamento.
4. Someter iniciativas e propostas á consideración do Consello.
5. Dar o seu visto e praxe as actas e as certificacións dos acordos do Pleno e da Comisión Permanente.
6. Dirimir co seu voto os empates para os efectos de adoptar acordos.

Artigo 7. Da Vicepresidencia.

A Vicepresidencia corresponderá á persoa titular da Área de Goberno que sexa competente en materia de cooperación e solidariedade. A persoa que ostente a Vicepresidencia, asumirá a Presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 8. Da Secretaría

Actuará como titular da Secretaría, con voz e sen voto, a persoa titular da Secretaría Municipal ou persoa en quen delegue.

Son funcións da Secretaría:

1. Realizar as tarefas administrativas do Consello.
2. Preparar a documentación necesaria das sesións e cursar a proposta de orde do día das mesmas.
3. Asistir ás sesións, con voz pero sen voto elaborando as súas actas, autorizalas coa súa sinatura e o visto e praxe da Presidencia e dar o curso correspondente aos acordos que se adopten.
4. Expedir, co visto e praxe da Presidencia, certificacións sobre actos e acordos do Consello.
5. Levar de forma actualizada o rexistro de membros e representantes dos distintos órganos, así como as altas e baixas.
6. As demais que lle sexan encomendadas pola Presidencia do Consello.

No caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular da Secretaría do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade será substituída no exercicio das súas funcións pola persoa que veña designada como suplente.

Artigo 9. Comisións de traballo

1. As comisións de traballo son grupos cuxa finalidade é elaborar informes e propostas así como desenvolver, baixo a supervisión do Consello, os proxectos ou programas que o Consello lles encomende nas materias propias da súa competencia.
2. O Consello poderá crear, con carácter temporal ou permanente, as comisións de traballo que considere oportunas. O acordo de creación determinará o seu cometido e organización interna.
3. Estarán integradas por, polo menos, catromembros do Consello e poderán asemade formar parte delas outras persoas designadas por estes. Un dos integrantes da Comisión, que á súa vez sexa membro do Consello, exercerá a súa coordinación e fará a interlocución co Consello.
4. No suposto de que teñan carácter permanente, no acordo de creación, poderán fixarse os prazos nos que se procederá á renovación periódica dos seus membros.

Artigo 10. Xuntanzas e acordos

1. As reunións do Consello poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. O réxime de xuntanzas do Consello será semestral para as asembleas ordinarias, e para as de carácter extraordinario tantas veces o convoque a Presidencia, por propia iniciativa ou por solicitude dun terzo dos compoñentes. As súas deliberacións serán abertas a calquera cidadán que desexe asistir, sen voz nin voto.
3. O Consello poderá acordar a invitación ás súas sesións, con voz pero sen voto, a asociacións, organismos ou persoas expertas relacionadas con algún asunto dos incluídos na orde do día.
4. Os acordos do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade serán adoptados por maioría simple.
5. Para a válida constitución das sesións do Consello requirirase, en primeira convocatoria, a presenza de, polo menos, a metade das persoas membros máis a Presidencia e a Secretaría, titulares ou suplentes. En segunda convocatoria será suficiente a asistencia dun terzo das persoas membros, titulares ou suplentes, máis a Presidencia e a Secretaría ou as súas substitucións legais. Para a segunda convocatoria bastará o transcurso de media hora dende a primeira convocatoria.

Artigo 11. Convocatoria das reunións

1. A convocatoria das sesións deberá comunicarse a cada unha das persoas membros do Consello, e ser recibida cunha antelación mínima de 7 días no caso de sesións ordinarias e de 2 días no caso de sesións extraordinarias. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á disposición dos membros en igual prazo. Os membros do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade, poderán engadir o que consideren á orde do día das súas xuntanzas ata 3 días despois de recibir a proposta da Presidencia da orde do día.

2. A comunicación das convocatorias corresponde á Secretaría e conterà a orde do día das reunións.

Artigo 12. Duración do mandato

1. As representacións dos grupos municipais integrantes da Corporación posuirán a súa condición mentres perdure o mandato da Corporación Local na que se produza o seu nomeamento, sen prexuízo de que se poida postular o seu cesamento en calquera momento e o nomeamento dunha persoa substituta para o tempo que reste de mandato.

2. O resto das vogalías exercerán tal condición durante un período de catro anos, sen prexuízo da súa posible continuidade e de que as organizacións e organismos correspondentes poidan propor a súa substitución en calquera momento para o tempo que reste de mandato.

Artigo 13. Sede

A sede e o lugar de reunión do Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade será a sede da Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, Rúa Isaac Díaz Pardo 2-4, ou o lugar que en cada caso designe a presidencia na convocatoria.

Disposición final única- Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia (ou diario oficial que corresponda) e logo de transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

11. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE O COIDADADO E REHABILITACIÓN DA IGREXA DE SANTA SUSANA E O SEU RECINTO.

Con data 28 de febreiro do corrente ano e número de rexistro 64, presentouse a proposición co seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A igrexa de Santa Susana aséntase no cumio da Alameda. Un espazo singular cheo de valores naturais, espaciais e patrimoniais que o dotan dun interese especial para coñecer a historia e a evolución da cidade.

O edificio da igrexa, tal e como o vemos hoxe, foi construído entre os séculos XVII e XVIII, sobre unha elevación do terreo con posibilidades defensivas, quizais un remoto castro, coa denominación tradicional de Outeiro dos Poldros. O templo aproveitou o emprazamento e mesmo elementos arquitectónicos e artísticos dunha antiga capela románica construída nos primeiros anos do século XII pola vontade do Arcebispo Xelmírez, concibida para acubillar as reliquias procedentes de Braga atribuídas á mártir romana que, co tempo, acabaría por compartir o padroado da cidade co Apóstolo Santiago.

A pequena capela románica, citada xa no Códice Calixtino comezou a poñer en valor un lugar daquela arredado do burgo medieval, que iría gañando importancia despois de que o Concello comezara a celebrar alí as súas xuntanzas, coa doazón dos terreos á cidade por parte do Conde de Altamira a mediados do século XVI, a posterior consagración da igrexa de nova planta e a creación na zona do gran parque natural da cidade integrando a antiga carballeira. A construción das escaleiras de conexión co Paseo da Ferradura cara a 1903 contribuíu a integrar aínda máis o enclave no conxunto da Alameda e na vida cidadá.

Os arredores da igrexa de Santa Susana foron tamén durante centos de anos, como o son aínda hoxe, lugar para o lecer e o divertimento da veciñanza de Santiago, posto que hai constancia de que polo menos desde o século XVI se utilizaba o lugar para as celebracións pagás da festa do Apóstolo, alternando coas periódicas feiras de gando baixo que se manterían ata 1971, ano no que se decidiu o seu traslado a Salgueiriños.

Deste xeito, co decorrer dos anos a consideración do antigo Outeiro dos Poldros como territorio extramuros foi mudando cara unha percepción de maior centralidade axudada polo crecemento urbano da cidade cara ao sur, o que acabou reforzando a importancia daquel conxunto cun maior valor paisaxístico que incrementar aos tradicionais históricos e culturais.

Desde hai anos o Concello vense facendo cargo do mantemento e conservación do recinto da igrexa de Santa Susana en función dun acordo tácito acadado coa parroquia que cedeu para uso municipal unha edificación dentro do propio recinto.

A pesar dalgunha atención municipal, o conxunto presenta desde hai meses un estado completo estado de abandono, cuestión que foi advertida hai meses polo Grupo Municipal Popular sen que se lle puxera solución.

A relación de desfeitas e estragos é extensa: desde as pintadas na portada principal románica, portas laterais e paredes de cantería, ata a rotura das fiestras e cristais da igrexa e da construción próxima. A iso hai que engadirlle a destrución dos focos colocados no seu día para lograr a iluminación desde o solo das paredes da igrexa.

A mellora da igrexa non admite demora, non só pola pésima imaxe que ofrece, senón porque a falta de cristais ocasiona a entrada de auga e de aves, circunstancia que está a deteriorar o interior do templo, onde se conservan importantes elementos artísticos, entre eles, un retablo datado en 1709.

A actuación que se leve a cabo debería incluír medidas de vixilancia que eviten novas pintadas e roturas, tal e como veu acontecendo ultimamente facendo inútil calquera labor de limpeza ou reposición.

A ausencia de seguridade e a reiteración ruínosa dos danos fan inesixible calquera requirimento á parroquia, pois malia que esta se mostra disposta a recuperar ou arranxar a igrexa todo apunta a que os estragos se volverán a producir. A Policía Local non pode asegurar, cos seus efectivos humanos, a indemnidade do recinto, de tal xeito que a súa indemnidade só se poderá asegurar a través dunha instalación de videovixilancia, semellante ás que desde hai anos, e coas renovacións tramitadas polo actual goberno, serve de mecanismo de protección doutros contornos patrimoniais, a pesar de ser máis transitados e habitados

Á vista do que antecede, e para evitar que continúe o aspecto de abandono impropio e improcedente da igrexa de Santa Susana e o seu contorno tendo en conta a súa historia e os moitos valores que atesoura, o Grupo Municipal propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello insta ao correspondente órgano do Goberno a:

1. Asinar un convenio de colaboración co órgano eclesiástico que corresponda no que se inclúa a cesión formal do local situado nas proximidades da igrexa que desde hai anos

vén empregando o Concello e se concrete a obriga da Administración local de manter e conservar o recinto.

2. Que polos seus medios ou en colaboración co Consorcio de Santiago, acometa de forma preferente as obras e o financiamento para a recuperación da igrexa de Santa Susana e a tramitación e instalación dun sistema de vixilancia e control permanente do recinto de Santa Susana, que contribúa a disuadir e evitar así a proliferación de actos vandálicos nese ámbito.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), acorda:

1. Asinar un convenio de colaboración co órgano eclesiástico que corresponda no que se inclúa a cesión formal do local situado nas proximidades da igrexa que desde hai anos ven empregando o Concello e se concrete a obriga da Administración local de manter e conservar o recinto.

2. Que polos seus medios ou en colaboración co Consorcio de Santiago, acometa de forma preferente as obras e o financiamento para a recuperación da igrexa de Santa Susana e a tramitación e instalación dun sistema de vixilancia e control permanente do recinto de Santa Susana, que contribúa a disuadir e evitar así a proliferación de actos vandálicos nese ámbito.

12. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA AXILIZAR O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO DOS SERVIZOS MUNICIPAIS EXTERNALIZADOS QUE OPERAN SEN CONTRATO.

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 6 de marzo do corrente ano e número de rexistro 68, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para axilizar o procedemento administrativo de servizos municipais externalizados que operan sen contrato.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, o Concello de Santiago de Compostela mantén en situación irregular unha serie de contratos de servizos prestados a través de empresas privadas mediante concesións administrativas. Así, na actualidade son unha ducia de servizos os que se atopan nesta situación.

A estes hai que engadir, por falta de previsión do grupo de Goberno local, os que se sumarán en breve por incumprimento dos prazos para licitar e contratar seguindo os procedementos administrativos.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela procederá a axilizar os procedementos administrativos dos servizos municipais externalizados que operan sen contrato e a realizar un calendario para normalizar a situación, de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, co fin de resolver estas anomalías e a inseguranza xurídica e laboral dos traballadores e traballadoras.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras acorda que o concello proceda a axilizar os procedementos administrativos dos servizos municipais externalizados que operan sen contrato e a realizar un calendario para normalizar a situación, de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, co fin de resolver estas anomalías e a inseguranza xurídica e laboral dos traballadores e traballadoras.

13. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS NECESARIAS E URGENTES PARA A MELLORA DO ÁMBITO DE SAN LORENZO-CARME DE ABAIXO.

Con data 6 de marzo do corrente ano e número de rexistro 70, o grupo municipal do PSdeG-PSOE, presentou a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“Desde a rúa de San Lourenzo, atravesando a ruela dos Gatos, chégase ata a ribeira do Río Sarela e á antiga fábrica de curtidos do barrio do Carme de Abaixo ata a confluencia coa rúa do Pombal. Este ámbito da cidade mudou moito nos últimos anos, desenvolvéndose urbanísticamente e converténdose nunha zona das máis privilexiadas da nosa cidade

No Pleno do mes de febreiro, o grupo municipal socialista xa anunciara a presentación desta proposición xa que a debatida nesa ocasión parecía pouco ambiciosa e deberíase ter engadido medidas de mellora importantes que repercuten directamente na calidade de vida da veciñanza deste ámbito. Así pois, despois de manter unha xuntanza coa asociación veciñal o Grupo Municipal Socialista decide presentar ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

1. Instar ao Goberno Local a realizar un estudo da mobilidade coa fin de :

-Estudar alternativas viables para o acceso dos tráfico pasantes ao vial de Figueiras (DP-7803) de tal forma que se permita a humanización e creación dunha “zona 30” para os tráfico residenciais na contorna da Calzada do Carme de Abaixo, Pavesa do Carme de Abaixo e rúa das Oblatas.

-Xestionar a creación de zona ordenadas de aparcamento para residentes en parcelas municipais ou formalizar acordos con propietarios de espazos libres.

-Estudar a instalación no vial de San Lourenzo de bandas transversais que reduzan a velocidade de circulación de vehículos.

2. Instar a Augas de Galicia ao mantemento e acondicionamento do cauce do río Sarela ao seu paso polo barrio para evitar os reiterados episodios de inundacións.

3. Instar á Administración Central a que proceda con urxencia ao desenvolvemento do interceptor xeral do Sarela coa fin de reducir o impacto dos verquidos do actual colector obsoleto.

4. Instar ao Goberno Local a manter e mellorar a senda peonil do Sarela, así como a substituír, mellorar e incrementar o mobiliario urbano da Carballeira de San Lourenzo que permita un mellor disfrute da mesma pola veciñanza, instalando unha área biosaudable nese ámbito.

5. Instar ao Goberno Local á apertura dos viais interiores de acceso previstos no PXOM e á ampliación dos actuais de forma que se mellore a mobilidade peonil ou rodada.

6. Instar á veciñanza a manter en axeitado estado ás súas propiedades privadas.

7. Instar ao Goberno Local a incrementar a frecuencia nos labores de mantemento das infraestruturas municipais.”

A anterior proposición presentaron emendas os grupos municipais do Partido Popular e do BNG, con datas 14 de marzo do corrente ano e números 89 e 90, respectivamente.

O contido das mesmas é o que a seguir se transcribe:

Emenda do PP, propónse a modificación dos puntos 2 e 3 do acordo de forma que o texto resultante sería o seguinte:

“2. Instar a Augas de Galicia a colaborar co Concello de Santiago na mellora do cauce do río Sarela, de forma simultánea coas obras de recuperación do itinerario fluvial recentemente adxudicadas polo Goberno local, para evitar os reiterados episodios de inundacións que se producen no barrio de San Lourenzo-Carme de Abaixo”.

“3. Instar á Administración Central a que axilice os traballos necesarios para a licitación e adxudicación do proxecto do colector do Sarela, coa fin de reducir o impacto dos vertidos do actual colector obsoleto, ofrecendo a colaboración do Concello no seu ámbito competencial, en especial no relativo á extensión da rede e ao deseño da obra.”

Emenda do BNG de supresión:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do establecido no regulamento, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación a seguinte emenda de supresión do punto 4, motivada porque a proposta de instalación de mobiliario urbano e un parque biosaudábel na carballeira de San Lourenzo desnaturaliza o que queda dese espazo verde centenario, ademais de reducir a zona aberta destinada ao paseo, de impedir a celebración de festas tradicionais e xantares populares como o do 25 de xullo, por exemplo, e cómpre ter en conta que a vexetación do solo desa área tamén é valiosa para manter a biodiversidade.

Proponse, polo tanto, a supresión do punto 4 desa proposición.”

Rematado o debate, e despois de ser aceptada a emenda do grupo municipal do Partido Popular e parcialmente a do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras acorda:

1. Instar ao Goberno Local a realizar un estudo da mobilidade coa fin de :

- Estudar alternativas viables para o acceso dos tráfico pasantes ao vial de Figueiras (DP-7803) de tal forma que se permita a humanización e creación dunha “zona 30” para os tráfico residenciais na contorna da Calzada do Carme de Abaixo, Pavesa do Carme de Abaixo e rúa das Oblatas.
- Xestionar a creación de zona ordenadas de aparcamento para residentes en parcelas municipais ou formalizar acordos con propietarios de espazos libres.
- Estudar a instalación no vial de San Lourenzo de bandas transversais que reduzan a velocidade de circulación de vehículos.

2. Instar a Augas de Galicia a colaborar co Concello de Santiago na mellora do cauce do río Sarela, de forma simultánea coas obras de recuperación do itinerario fluvial recentemente adxudicadas polo Goberno local, para evitar os reiterados episodios de inundacións que se producen no barrio de San Lourenzo-Carme de Abaixo.
3. Instar á Administración Central a que axilice os traballos necesarios para a licitación e adxudicación do proxecto do colector do Sarela, coa fin de reducir o impacto dos vertidos do actual colector obsoleto, ofrecendo a colaboración do Concello no seu ámbito competencial, en especial no relativo á extensión da rede e ao deseño da obra.
4. Instar ao Goberno Local a manter e mellorar a senda peonil do Sarela, así como estudar, substituír, mellorar e incrementar o mobiliario urbano da Carballeira de San Lourenzo que permita un mellor disfrute da mesma pola veciñanza, instalando unha área biosaudable nese ámbito.
5. Instar ao Goberno Local á apertura dos viais interiores de acceso previstos no PXOM e á ampliación dos actuais de forma que se mellore a mobilidade peonil ou rodada.
6. Instar á veciñanza a manter en axeitado estado ás súas propiedades privadas.
7. Instar ao Goberno Local a incrementar a frecuencia nos labores de mantemento das infraestruturas municipais.

14. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 26 de xaneiro ao 26 de febreiro de 2018 (núms. 530 ao 1315).

Antes de pasar ao seguinte punto faise un descanso cando son as 20:25 horas e proséguese a sesión ás 20:50 horas, incorpóranse a totalidade dos/as concelleiros e concelleiras, agás o señor Reyes Santiás.

15. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

- Do grupo municipal do BNG de data 5 de marzo de 2018, núm. 65.
- Do grupo municipal do BNG de data 5 de marzo de 2018, núm. 66.
- Do grupo municipal do BNG de data 5 de marzo de 2018, núm. 67.
- Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 6 de marzo de 2018, núm. 71.
- Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de marzo de 2018, núm. 74.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de marzo de 2018, núm. 75.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de marzo de 2018, núm. 76.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 6 de marzo de 2018, núm. 72.

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 6 de marzo de 2018, núm. 73.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de marzo de 2018, núm. 77.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de marzo de 2018, núm. 78.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 7 de marzo de 2018, núm. 79.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de marzo de 2018, núm. 82.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de marzo de 2018, núm. 83.

Do grupo municipal do BNG de data 7 de marzo de 2018, núm. 84.

O señor Reyes incorporase ao salón de plenos no debate do rogo, núm. 74.

Auséntase do salón de plenos a concelleira, Dona M^a José Corral López, durante o debate do rogo 79, e xa non se reincorpora ao resto da sesión.

16. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 6 de marzo de 2018, núm. 69, presentada polo grupo municipal do BNG, sobre a recuperación dos dereitos e do emprego na administración de xustiza.

Rexistro de entrada do día 7 de marzo de 2018, núm. 80, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a mellora de catro pontes sobre a vía férrea en Marrozos e a urxente reparación doutra en Busto.

Rexistro de entrada do día 7 de marzo de 2018, núm. 81, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para colocación dun ascensor no IES Rosalía de Castro.

Rexistro de entrada do día 7 de marzo de 2018, núm. 85, presentada polo grupo municipal do BNG, para ampliar a dotación de materiais de fondos de recursos para as asociacións.

Rexistro de entrada do día 7 de marzo de 2018, núm. 86, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para a modificación da lei de arrendamentos urbanos para favorecer o acceso ao alugueiro.

MOCIÓN SOBRE A RECUPERACIÓN DOS DEREITOS E DO EMPREGO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á recuperación dos dereitos e do emprego na Administración de Xustiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os traballadores e as traballadoras da Administración de Xustiza de Galiza suman xa varias semanas de paro reclamando condicións salariais e laborais que non os discriminen, contra os recortes e en defensa dunha Administración de Xustiza áxil e moderna, e iniciaron o pasado 9 de febreiro unha folga indefinida. Trátase dunha medida extrema á que se chega logo de esgotar todas as vías posíbeis de negociación e como resposta á prepotencia, soberbia e cerrazón da Xunta de Galiza. A folga conta cun seguimento masivo e co apoio dos sete sindicatos representativos do persoal. Tamén as dúas manifestacións convocadas en Compostela, o 25 de xaneiro e o 24 de febreiro, contaron cun apoio masivo do persoal.

A convocatoria dunha medida tan extrema como unha folga indefinida, e o apoio masivo co que conta, hai que enmarcalas no deterioro continuo dos servizos públicos, no empeoramento das condicións laborais e nos continuos recortes de dereitos ao que levaron as políticas regresivas, reaccionarias e centralizadoras do PP no Goberno do Estado e na Xunta de Galiza. Existe un malestar xeralizado nos empregados e empregadas públicos, que mentres que noutros sectores está latente, no caso da Xustiza cristalizou en medidas contundentes de carácter reivindicativo, mobilización e loita. Cómpre valorar pois a importancia da capacidade de mobilización que está a manter este sector en contra da Xunta do PP.

A Xunta de Galiza e o PP, por boca de Feixóo e de Rueda, intentan trasladarlle á opinión pública que a única motivación deste conflito é unha mera reivindicación de mellora salarial, que se trata dun sector privilexiado (función pública) e que rexeitan unha “xenerosa” oferta de suba salarial. Tratan con isto de poñer á xente en contra e culpar a sindicatos e persoal da Xustiza das consecuencias negativas da folga.

Os traballadores e traballadoras do sector da Xustiza en Galiza son reiteradamente discriminadas na retribución do complemento transitorio con respecto ao resto do persoal do Estado, cunhas diferenzas salariais acumuladas no período 2013-2017 que poden variar entre os 4.000 e os 10.000 euros, en función do corpo ao que se pertenza. Por iso, unha das demandas é a subida do complemento transitorio autonómico, retirado das pagas extraordinarias polo Goberno de Feixóo durante os últimos catro anos.

Reclaman ademais a retirada do desconto que se lle aplica ao persoal da administración de xustiza en caso de IT, pero que non se aplica a xuíces e xuízas, fiscais ou letrados/as, así como a negociación do pagamento do 100% das substitucións, pois a diferenza do que pasa noutras autonomías, en Galiza o persoal que cubre un posto en substitución vertical non cobra a totalidade do posto que ocupa.

Solicitan igualmente que se negocie un plan de recuperación das 106 prazas amortizadas en 2013 e que afectaron especialmente aos xulgados do contencioso, de paz, de familia e ás audiencias provinciais o que supuxo un incremento substancial da carga de traballo e atrasos, e as centrais sindicais piden a consolidación de prazas de reforzo de máis de tres anos de duración, comprometida pola Dirección Xeral de Xustiza.

Con máis de tres mil xuízos suspendidos e unha folga indefinida que está a provocar un grave prexuízo nun servizo fundamental, faise necesaria unha negociación real que busque unha solución a un conflito que afecta a miles de cidadáns no noso país.

A pesar das demandas do comité de folga da interlocución do Consello Galego de Relacións Laborais, que foi o único lugar onde se deu un certo avance nas negociacións e que foi eliminado da mesa de negociación tras a entrada na mesma da Consellaría de Facenda, que permita desbloquear o conflito, a Xunta négase a aceptar a mediación, continuando nunha actitude total de cerrazón que a amosa incapaz de negociar co fin de chegar a un acordo para resolver a discriminación.

Cómpre lembrar que na asignación de novas salas para reforzar as que estaban máis colapsadas, producida en novembro de 2016, a Xunta e o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza acordaron crear cinco novas instancias xudiciais en 2017, nun reparto discriminatorio con Santiago de Compostela que non estaba avalado por criterios obxectivos e obvia o colapso histórico existente.

Nun contexto económico como o actual, a administración debера ser sensíbel para dotar Santiago de Compostela dun novo xulgado do Social que atende temas relacionados co emprego como incapacidades laborais e despedimentos, ademais de ser precisas novas salas de Familia, Contencioso-Administrativo e de Violencia de Xénero ante o incremento de denuncias que se están a producir neste ámbito.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Amosar o apoio aos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza nas súas reivindicacións de dereitos laborais e de emprego.
2. Instar á Xunta de Galiza a retomar as negociacións no marco do Consello Galego de Relacións Laborais cos representantes dos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza.

MOCIÓN DO PP, SOBRE A MELLORA DE CATRO PONTES SOBRE A VÍA FÉRREA EN MARROZOS E A URXENTE REPARACIÓN DOUTRA EN BUSTO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vai para oito meses que este Grupo Municipal presentou unha iniciativa para facer con carácter de urxencia unha diagnose e reparación de varias pontes sobre a vía férrea abandonada -na que se proxecta a construción dunha vía verde- entre Santiago e Oroso, atendendo de forma moi especial á ponte situada no acceso ao lugar de Castro, na parroquia de Busto, que presentaba serios problemas de seguranza postos de manifesto co derrube dun tramo de algo máis de un metro dun dos seus peitorís. Ao longo deste período nada ten transcendido sobre este acordo, a pesar da súa urxencia e da unanimidade da súa procedencia, mentres continúa -e mesmo se acentúa, coa ampliación da zona derrubada- o perigo latente para peóns e vehículos.

A pesar da proverbial lasitude do Goberno de Compostela Aberta á hora de enfrontar os problemas urxentes que se denuncian, que o propio equipo de Goberno recoñece e para os que compromete o seu apoio, o Grupo Popular non pode renunciar a continuar mantendo a súa actitude propositiva, como complemento do labor de fiscalización e control da acción de Goberno.

Mediante esta nova iniciativa incidimos noutra situación que comporta tamén evidentes riscos para a seguridade das persoas e que afecta tamén aos viais municipais que superan a vía férrea, neste caso sobre a liña en servizo entre Ourense-Santiago, ao longo da parroquia de Marrazos e no tramo comprendido entre A Susana e a estación compostelá.

Trátase de catro pontes -das que ofrecemos testemuñas gráficas como anexo- que distan da primeira á última pouco máis de un quilómetro e que presentan distintas problemáticas, aínda que todas elas de doada solución, tanto desde o punto de vista técnico como económico. Mesmo unha delas coidamos que está contemplada no proxecto previsto para darlle continuidade á mellora realizada recentemente no vial da Cañoteira.

Seguindo a orde no sentido A Susana-Santiago, a primeira ponte que enlaza o vial da Cañoteira co lugar de Gamás carece de varios traveseiros de protección nos ocos dos peitorís, o que representa un perigo tendo en conta que o desnivel medio ata a vía en todo o trazado sitúase por riba dos 4 metros.

Na segunda ponte, que é a de maior uso e que comunica o tramo final do vial da Cañoteira con Ardagán e a igrexa parroquial presenta un derrube no muro de contención, entre outras eivas.

A terceira ponte, que comunica a pista de Aldrei coa estrada N-525, mantén un firme moi irregular de terra e pedras a pesar de por ela discorre a rede de saneamento. Incrementaríanse as súas posibilidades de servizo cunha capa de rodadura que nivelase a ponte e a fíxese máis transitable. Alén, diso é indispensable reparar os elementos de protección, cun tramo derrubado e ausencia de traveseiros de seguridade nos ocos.

Por último, a cuarta ponte na proximidades do núcleo de Aldrei ademais da ausencia de traveseiros entre ocos, mostra un preocupante desprazamento dun dos peitorís.

Tendo en conta todo o que antecede, formulamos a seguinte proposta de

ACORDO

O Pleno do Concello insta ao Goberno municipal a:

1. Iniciar co maior dilixencia posible a reparación e mellora das catro pontes sobre as que discorren os viais municipais para salvar o trazado ferroviario na parroquia de Marrozos, no vello tramo en servizo comprendido entre A Susana e a estación compostelá.
2. Acometer coa máxima urxencia, e en todo caso antes de que remate o verán, a reparación da ponte sobre a vía férrea no lugar de Castro, da parroquia de Busto, sen que iso supoña abandonar a comprometida diagnose da situación e as posibles actuacións no conxunto das pontes existentes no trazado entre Santiago e Oroso.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DACORPORACIÓN

O instituto Rosalía de Castro é un centro público de referencia da nosa cidade que está situado ao carón do parque da Alameda, nun edificio histórico que data do século XVII e que ao longo da súa historia se foi adaptando ás necesidades educacionais do noso tempo. No ano 1994 construíuse o polideportivo e o salón de actos do centro polo arquitecto de recoñecido prestixio, Josef Kleihues, e certamente nos últimos anos as administracións públicas realizaron un especial esforzo na conservación e rehabilitación deste importante edificio, antigo Colexio de “Pasantes” de San Clemente, pero a accesibilidade continúa a ser a súa asignatura pendente.

O IES Rosalía de Castro ten na actualidade un número moi importante de alumnado, preto de 1500 mozas e mozos estudan hoxe neste centro público. A asociación de nais e pais levan anos reivindicando a eliminación de barreiras neste importante edificio, favorecer a accesibilidade ás persoas con problemas de mobilidade é unha prioridade para o alumnado, a asociación de pais e nais e para a propia dirección do centro.

Tendo coñecemento este grupo de que existiron casos clamorosos de rapaces e rapazas con mobilidade reducida que non poideron matricularse no centro, a pesares de vivir nas súas proximidades, por carecer de ascensor e tamén de que cando algunha alumna ou alumno por motivos circunstanciais no poden acceder ás aulas das plantas superiores, teñen que trasladar varias clases dun piso ao outro do edificio supoñendo un grave trastorno para todo o alumnado afectado e entorpecendo a vida educativa.

Tendo constancia de que o acceso ao polideportivo polo interior do edificio está ubicado na planta inferior e por tanto tamén dificulta o acceso do alumnado con problemas de mobilidade.

Sendo necesaria, así mesmo, a instalación dun ascensor para acudir ao salón de actos instalado no soto, situación que condiciona a asistencia de familiares ou de calquera outra persoa con dificultades de mobilidade que queira participar nos eventos que se desenvolven no centro, como entrega de premios, festivais e incluso os actos de graduación.

Por todo o exposto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Que o Pleno da Corporación inste á Consellería de Educación á iniciar, á maior brevidade posible, o procedemento de instalación dun ascensor no IES Rosalía de Castro.

MOCIÓN DO BNG, PARA AMPLIAR A DOTACIÓN DE MATERIAIS DO FONDO DE RECURSOS PARA ASOCIACIÓNS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á necesidade de ampliar a dotación de materiais do Fondo de Recursos para asociacións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Fondo de Recursos foi creado en 2006 co obxectivo de brindar materiais para que os colectivos sen ánimo de lucro inscritos no Rexistro de Asociacións poidan utilizalos para a realización das súas actividades, baixo o réxime de empréstito temporal.

Para iso, creouse un regulamento de uso onde se especifican as normas de funcionamento, prazos de solicitude, xeito de entrega e devolución, entre outros. Este fondo estaba dotado con películas versionadas en galego, unha videocámara, grellas, palco para actuacións con toldo e escaleiras, carpas, expositores para mostras de fotografía, un biombo para exposicións, parasoles, mesas encartábeis, 40 bancos, 67 cadeiras de escritorio apilábeis, 40 cadeiras pregábeis, 2 xogos de chave, un retroproector, un proector, un televídeo e cds para caraoque. Aliás, existía un formulario para suxerir a adquisición de novos materiais para ampliar este Fondo de Recursos.

Parte deste material deteriorouse pola utilización continuada, outro quedou obsoleto e unha boa parte perdeuse ou foi destinado a outros fins. Ao non realizarse un labor de mantemento continuado, faise necesario proceder á substitución e ampliación do equipamento deste Fondo de Recursos por elementos máis actualizados co obxectivo de responder ás necesidades do tecido asociativo de Santiago de Compostela.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago reorganizará e ampliará o material do Fondo de Recursos para atender as necesidades de actividades culturais e festivas do asociacionismo compostelán.

O Concello de Santiago procederá a abrir a Casa das Asociacións en horario de tarde para facilitar o uso destas instalacións municipais.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL COMPOSTELA ABERTA PARA A MODIFICACIÓN DA LEI DE ARRENDAMENTOS URBANOS PARA FAVORECER O ACCESO AO ALUGUEIRO

Concepción Fernández Fernández, concelleira de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centros Cívicos e Jorge Duarte Vázquez, concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais, presentan para o seu debate e aprobación no Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

- Dado de que Santiago de Compostela é a terceira cidade galega con maior porcentaxe de vivenda alugada, ao redor dun 17,1% (IGE, 2015), e polo tanto, unha das cidades donde a subida de prezos ten un maior impacto.

- Dado que en Galicia no último ano se incrementou o prezo da vivenda un 6,4% segundo datos de Idealista.

- Dado que Santiago de Compostela, foi ademais a cidade galega onde menos baixou o prezo da vivenda durante o período de crise económica.

- Dado que o sobreesforzo económico para pagar os gastos da vivenda é especialmente grave nas familias arrendatarias con rendas máis baixas

- Dado que a estabilidade do alugueiro é un factor clave para o arraigo aos barrios, a creación de postos de traballo e a atracción do talento.

- Dado que o Goberno central é quen ten a competencia na lexislación de alugueiros e que a reforma da Lei de Arrendamentos Urbanos no 2013, impulsada polo PP, acortou a duración dos contratos e permite subidas indiscriminadas no prezo de aluguer cada tres anos.

-Dado que outras cidades europeas dispoñen de normativas orientadas a impedir subidas indiscriminadas no prezo dos alugueiros.

-Dado que os mercados de aluguer máis dinámicos, como por exemplo o alemán. son os que teñen unha maior duración dos contratos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar ao Estado a impulsar unha reforma legal urxente da Lei de Arrendamentos Urbanos, para protexer os dereitos de arrendatarios/as.

Esta reforma tería que permitir:

- Alongar a duración dos contratos dos tres anos actuais a un mínimo de cinco, tal e como establecía a LAU antes da reforma de 2013.

- Establecer unha limitación do aumento dos prezos entre contrato e contrato que impida alugueiros abusivos.

2. Para aplicar este sistema:

- Declararanse áreas de mercado tensionado a todos os municipios que o soliciten.

-O sistema de contención de alugueiros virá determinado por un indicador que establecerá prezos de referencia en función de variables: renda familiar dispoñible, superficie do piso, estado de conservación, ano de construción, calificación enerxética, características da zona, acceso a servizos públicos e privados, etc.

3. Se o Estado non está disposto a reformar a Lei de Arrendamentos Urbanos no sentido mencionado que outorgue as competencias en materia de aluguer ás Comunidades Autónomas e grandes municipios que o sollicitan.

4. Que se estuden as medidas lexislativas necesarias para gravar a través do IBI as vivendas baleiras.

5. Dadas as competencias da Xunta de Galicia en materia de vivenda, propónse unha vez máis:

- Que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) dote dun parque de vivenda pública suficiente e diverso: residencial comunitario e vivendas individuais e unifamiliares.

- Que se dote ao IGVS dun equipo técnico social para a intervención e seguimento, coordinado cos servizos sociais comunitarios, para os programas de incorporación, aloxamento e inclusión en vivendas públicas.

EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG “PARA AMPLIAR A DOTACIÓN DE MATERIAIS DO FONDO DE RECURSOS PARA ASOCIACIÓNS”

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG “PARA AMPLIAR A DOTACIÓN DE MATERIAIS DO FONDO DE RECURSOS PARA ASOCIACIÓNS”**, co número de rexistro 85, de data 7 de marzo de 2018.

Propónse a modificación do parágrafo primeiro do acordo de forma que o texto sometido á consideración do Pleno sería o seguinte:

“O Concello de Santiago procederá a facer un inventario detallado do fondo de recursos destinado a atender as necesidades de actividades culturais e festivas do asociacionismo

compostelán e, posteriormente, reorganizará e ampliará o material conforme ás carencias detectadas.

O Concello de Santiago procederá a abrir a Casa das Asociacións en horario de tarde para facilitar o uso destas instalacións municipais.”

Trás o debate das mocións, procédese a súa votación.

Con respecto á moción do BNG, sobre a recuperación dos dereitos e do emprego na administración de xustiza, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal popular acorda:

1. Amosar o apoio aos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza nas súas reivindicacións de dereitos laborais e de emprego.
2. Instar á Xunta de Galiza a retomar as negociacións no marco do Consello Galego de Relacións Laborais cos representantes dos traballadores e traballadoras da Administración de Xustiza.

Auséntase do salón de pleno o concelleiro Don Manuel Martínez Varela.

Na moción do grupo municipal do Partido Popular, sobre a mellora de catro pontes sobre a vía férrea en Marrozos e a urxente reparación doutra en Busto, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acordainstar ao goberno municipal a:

1. Iniciar co maior dilixencia posible a reparación e mellora das catro pontes sobre as que discorren os viais municipais para salvar o trazado ferroviario na parroquia de Marrozos, no vello tramo en servizo comprendido entre A Susana e a estación compostelá.
2. Acometer coa máxima urxencia, e en todo caso antes de que remate o verán, a reparación da ponte sobre a vía férrea no lugar de Castro, da parroquia de Busto, sen que iso supoña abandonar a comprometida diagnose da situación e as posibles actuacións no conxunto das pontes existentes no trazado entre Santiago e Oroso.

Incorpórase a sesión Don Manuel Martínez Varela.

En relación á moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, para a instalación dun ascensor no IES Rosalía de Castro, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acordainstar á Consellería de Educación a iniciar, á maior brevidade posible, o procedemento de instalación dun ascensor no IES Rosalía de Castro.

No relativo á moción presentada polo BNG, para ampliar a dotación de materiais de fondos de recursos para as asociacións, e despois de ser aceptada a emenda presentada polo grupo municipal popular, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda:

O concello procederá a facer un inventario detallado do fondo de recursos destinado a atender as necesidades de actividades culturais e festivas do asociacionismo compostelán e, posteriormente, reorganizará e ampliará o material conforme ás carencias detectadas.

E, así mesmo, procederá a abrir a Casa das Asociacións en horario de tarde para facilitar o uso destas instalacións municipais.

Na moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para a modificación da lei de arrendamentos urbanos para favorecer o acceso ao alugueiro, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Instar ao Estado a impulsar unha reforma legal urxente da Lei de Arrendamentos Urbanos, para protexer os dereitos de arrendatarios/as.

Esta reforma tería que permitir:

- Alongar a duración dos contratos dos tres anos actuais a un mínimo de cinco, tal e como establecía a LAU antes da reforma de 2013.
- Establecer unha limitación do aumento dos prezos entre contrato e contrato que impida alugueiros abusivos.

2. Para aplicar este sistema:

- Declararanse áreas de mercado tensionado a todos os municipios que o soliciten.

-O sistema de contención de alugueiros virá determinado por un indicador que establecerá prezos de referencia en función de variables: renda familiar dispoñible, superficie do piso, estado de conservación, ano de construción, cualificación enerxética, características da zona, acceso a servizos públicos e privados, etc.

3. Se o Estado non está disposto a reformar a Lei de Arrendamentos Urbanos no sentido mencionado que outorgue as competencias en materia de aluguer ás Comunidades Autónomas e grandes municipios que o solicitan.

4. Que se estuden as medidas lexislativas necesarias para gravar a través do IBI as vivendas baleiras.

5. Dadas as competencias da Xunta de Galicia en materia de vivenda, propónse unha vez máis:

- Que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) dote dun parque de vivenda pública suficiente e diverso: residencial comunitario e vivendas individuais e unifamiliares.

- Que se dote ao IGVS dun equipo técnico social para a intervención e seguimento, coordinado cos servizos sociais comunitarios, para os programas de incorporación, aloxamento e inclusión en vivendas públicas.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 22:38 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández